

## Itinerario de Lecturas

Blanca-Ana Roig Rechou  
M<sup>a</sup> Jesús Agra Pardiñas  
(Eds.)

XUNTA DE GALICIA



XACOBEO 2010  
Galicia

XUNTA  
DE GALICIA

***ITINERARIO DE LECTURAS***  
***De camiño a Compostela pola LIX***

**Blanca-Ana Roig Rechou**  
**M<sup>a</sup> Jesús Agra Pardiñas**  
(Eds.)

## *De camiño a Compostela pola LIX*

### **Redactoras:**

M<sup>a</sup> Jesús Agra Pardiñas

Eulalia Agrelo Costas

Pilar Bendoiro Mariño

Mar Fernández Vázquez

Carmen Ferreira Boo

Esther de León Vilorio

Isabel Mociño González

Marta Neira Rodríguez

Blanca-Ana Roig Rechou

Isabel Soto López

Universidade de Santiago de Compostela/ELOS/LIJMI

Edita: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura/ELOS (Asociación Galego Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil)/LIJMI (Red Temática de Investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano”).

Deseño da cuberta: Carmen Franco Vázquez

Imprime: *Nimo*-Centro de Impresión Dixital

Maquetación: Miguel A. Suárez

DL: C 1284-2010

ISBN: 978-84-693-1194-3

## ÍNDICE

|                                                   |     |
|---------------------------------------------------|-----|
| 1. Introducción .....                             | 7   |
| 2. De camiño a Compostela pola LIX .....          | 15  |
| 2.1 Peregrinaxes a Compostela.....                | 15  |
| 2.2. Compostela e Xacobeo .....                   | 91  |
| 3. Fichas bibliográficas doutras literaturas..... | 125 |
| 4. Referencias bibliográficas .....               | 129 |
| 5. Índices .....                                  | 131 |

## 1. Introducción

Como é ben sabido, Compostela e os múltiples camiños que chegan até esta cidade convertéronse nunha destacada vía multicultural que fala de identidades diversas, dende o momento no que unha estrela ou luz revelou a existencia da tumba do Apóstolo Santiago, como di a lenda, e atraeu os peregrinos cara á Ruta Xacobeas, guiados dende a Vía Láctea por un ronsel de estrelas. De aí que ao Camiño se lle chame tamén Camiño das Estrelas, Campo da Estrela ou *Locus Sanctus*. Un itinerario que pouco a pouco tivo que se ir adaptando para dar acubillo a camiñantes das máis diversas condicións, que foron enchendo as diferentes rutas do Camiño con grande afluencia e deitando as súas identidades, especialmente nos Anos Santos Xacobeos, que se celebran cada 6, 5, 6 e 11 anos.

O obxectivo deste traballo é ofrecerlles aos mediadores (pais, nais, docentes, bibliotecarios, etc.) obras narrativas, poéticas, pezas dramáticas e cómics, nas que os autores se achegaron á tradición das peregrinaxes á cidade de Compostela. Tanto aquelas nas que se centran nas viaxes realizadas polas distintas rutas, marítimas e terrestres, que conectan a Compostela con Europa, realizadas por motivacións relixiosas e socio-culturais, no máis amplo sentido: literarias, aventureiras, espirituais, pictóricas, arquitectónicas, escultóricas, paisaxísticas, turísticas, gastronómicas, etc. como aquelas outras nas que, malia non ter a peregrinaxe como temática central, se desenvolven ao redor da cidade do Apóstolo ou noutros puntos xeográficos do Camiño, enclaves literarios irradiadores desta historia lendaria e abraiante, poboada de lendas e balizada de lugares relacionados coa tradición xacobeas que se foi transmitindo oralmente, por escrito e polos medios audiovisuais na actualidade.

Todas as obras que se achegan nas páxinas que seguen pertencen ao canon potencial da Literatura Infantil e Xuvenil (en diante, LIX) en galego, é dicir, acóllense tanto as escritas en lingua galega coma as traducidas a esta lingua. Forman, polo tanto, parte desa literatura que, como afirmou Gustavo Martín Garzo (2004), ademais de entreter “ayuda a volver razonables a

los menores frente a los asuntos que los aguardan en el futuro” e, dende o noso punto de vista, xoga un papel fundamental na interpretación de boa parte das experiencias que a nenez e mocidade observan e experimentan, pois a ficción ten a capacidade de reflectir historias persoais e colectivas (Agra e Roig, 2004: 7).

En definitiva, en *De camiño a Compostela pola LIX* ofrécense un conxunto de textos de ficción que tratan unha temática rica e atractiva como é a historia do Camiño e da súa contorna, poboada de vilas, cidades, mosteiros e castelos, e sobre todo de Compostela, punto final deste itinerario cheo de aventuras e no que afloran sentimentos, vivencias individuais e grupais de quen percorren ou viven nalgún dos espazos polo que transcorre. Unha ampla mostra para que os mediadores e o público infantil e xuvenil poidan vivir e sentir cos personaxes que protagonizan as historias dun feito socio-político-cultural que propiciou o diálogo entre culturas, enriquecéndoas, facéndoa máis sensíbeis e mesmo pacíficas.

Móstrase no cadro que se inclúe a seguir a cronoloxía destas obras e as súas reedicións marcando en negra os Anos Santos Xacobeos:

|             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|-------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1988        | <i>Os milagres de Santiago</i> , de Rosa García Vilariño<br><i>As historias do vello camiñante</i> , de Luis Iglesias de Souza                                                                                                                                                                                           |
| 1991        | <i>Unha sombra vai polo Camiño</i> , de Manuel María                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| 1992        | <i>Endrina e o segredo do peregrino</i> , de Concha López Narváez                                                                                                                                                                                                                                                        |
| <b>1993</b> | <i>O bordón e a estrela: de Roncesvalles a Nájera</i> , de Joaquín Aguirre Bellver<br><i>O Camiño de Santiago de Compostela: o bordón e a estrela</i> , de Joaquín Aguirre Bellver<br><i>O milagre das estrelas (Aventuras do mago Antón no Camiño de Santiago)</i> , de Darío X. Cabana<br><i>Don Gaiños</i> , de Kukas |
| 1994        | <i>Cristo e San Pedro, peregrinos. Contos populares de Galicia</i> , de Bernardino Graña<br><i>Rata Linda de Compostela</i> , de Bernardino Graña                                                                                                                                                                        |

|      |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1995 | <i>Primeiro Concurso de Obras Teatrais Inéditas Camiño de Santiago. Obra de Teatro Escolar e Obra de Teatro de Marionetas ou Monicreques</i> , de VV. AA.                                                                                                                                                                       |
| 1996 | <i>Cantigas de Santa María</i> , de Bernardino Graña<br><i>Aventura no Camiño de Santiago: O cabaleiro</i> , de Primitivo Marcos                                                                                                                                                                                                |
| 1997 | <i>Aventura no Camiño de Santiago: A meniña</i> , de Primitivo Marcos<br><i>E dixo o corvo...</i> , de VV. AA.                                                                                                                                                                                                                  |
| 1998 | <i>O peregrino a Compostela. Diario dun mago</i> , de Paulo Coelho<br><i>A pousada do sétimo día</i> , de Juan Farias<br><i>Aventura no Camiño de Santiago: A familia</i> , de Primitivo Marcos                                                                                                                                 |
| 1999 | <i>Imos xuntos camiñar</i> , de Marilar Aleixandre, Xoán Babarro, Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro, Paco Martín, Xosé A. Neira Cruz, Xabier P. Docampo e Gloria Sánchez<br><i>A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos</i> , de Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire       |
| 2000 | <i>As flores do meu amigo</i> , de Rafael Fernández Lorenzo<br><i>O bocexo do puma</i> , de Gonzalo Moure                                                                                                                                                                                                                       |
| 2001 | <i>Resalgario</i> , de Antonio Reigosa                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| 2002 | <i>Noia. Porto de Compostela</i> , de Xosé Agrelo Hermo<br><i>De como o Santo dos Croques se fai peregrino</i> , de Pepe Carballude<br><i>Suso Espada. O misterio do Grial</i> , de Francisco Fernández Naval<br><i>Camiño perigoso</i> , de Ánxela Loureiro<br><i>A Galiña da Paz</i> , de Gloria Sánchez                      |
| 2003 | <i>A vaca da Amaía</i> , de Pepe Carreiro<br><i>Compostela: historia dunha lenda</i> , de Pepe Carreiro<br><i>Lúas de nácara</i> , de Fina Casalderrey<br><i>O castelo da Rocha Vella. Unha historia con Oca, Federico e Manú</i> , de Luciano García Alén<br><i>O trasno da catedral de Santiago</i> , de Luísa Villar Liébana |

|      |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 2004 | <p><i>Postais do Camiño</i>, de Marilar Aleixandre, Agustín Fernández Paz, Paco Martín, An Alfaya, Xoán Babarro, Fina Casalderrey, Ana María Fernández, Antonio García Teijeiro, Helena Villar Janeiro, Paula Carballeira e Gloria Sánchez</p> <p><i>Tres pasos polo misterio</i>, de Agustín Fernández Paz</p> <p><i>A boca do inferno</i>, de Carlos Freire</p> <p><i>Endrina e o segredo do peregrino</i>, de Concha López Narváez</p> <p><i>Santo Domingo de la Calzada, onde cantou a galiña despois de asada</i>, de Xesús Negreira Blanco</p> <p><i>A viaxe a Compostela de Renato Ratoní, rato de compañía de Cosme III de Médicis</i>, de Xosé A. Neira Cruz</p> |
| 2005 | <p><i>A noite da raíña Berenguela</i>, de Xosé A. Neira Cruz</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| 2007 | <p><i>A rebelión das rúas</i>, de Ana Boullón e Pere Tobaruela</p> <p><i>Un peregrino en Melide</i>, de Pepe Carreiro</p> <p><i>O único que queda é o amor</i>, de Agustín Fernández Paz</p> <p><i>Sar, Sarela e os monstros de Compostela</i>, de Paco López-Barxas</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| 2008 | <p><i>Aventura no camiño de Santiago. Libro 1</i>, de Primitivo Marcos</p> <p><i>¿Unha pantasma na cidade?</i>, de Pere Tobaruela e Ana Boullón</p> <p><i>Unha vaca marela en Compostela</i>, de Pere Tobaruela e Ana Boullón</p> <p><i>Teatro do Patacón. Os pés do vento</i>, de Xosé Vázquez Pintor</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| 2009 | <p><i>Encontro ás agachadas</i>, de Concha Blanco</p> <p><i>Rata Linda de Compostela</i>, de Bernardino Graña</p> <p><i>Príncipes de Bretaña, Estrelas de Compostela</i>, de Ramón Loureiro</p> <p><i>Olga e o dinosauro</i>, de Breogán Riveiro</p> <p><i>Camiño á fin do mundo</i>, de Xosé M. Rosales Noves (coord.)</p> <p><i>Peregrino na sombra</i>, de Pere Tobaruela e Ana Boullón</p> <p><i>Sansón Trolleyro. Estudante de pan e sardiña</i>, de Enrique Vázquez Pita</p>                                                                                                                                                                                        |

Tendo en conta a información presentada no gráfico, se cadra semella un corpus reducido dada a importancia da temática, pero hai que lembrar que a LIX galega e en galego non alcanzou a súa madureza até a década dos anos oitenta do século XX, época da consolidación e innovación desta literatura (Fernández Paz, 1989, 1999; Roig Rechou, 1994, 2002, 2005, 2008).

Así mesmo, pódese apreciar a partir do gráfico que esta temática xurdiu na LIX tras a proxección e promoción levadas a cabo a raíz de que a UNESCO declarase en 1985 a cidade de Santiago de Compostela Ben Patrimonio da Humanidade, o mesmo que o propio Camiño, e de que en 1987 se distiguise a Ruta Xacobeas como Itinerario Cultural Europeo polo Consello de Europa, como se pode ver na páxina oficial do Xacobeo 2010 ([www.xacobeo.es](http://www.xacobeo.es)).

Estes feitos e a resposta da cidadanía mundial levaron a que as administracións se preocupasen por realizar diferentes actividades ao seu redor ao longo dos anos. En relación coa Literatura son de salientar as convocatorias de premios á creación literaria, as realizacións de roteiros con escritores e escritoras ao longo do Camiño para reflectir as súas experiencias, e mesmo apoios a traballos, coma este que se presenta, para que mediadores e lectorado coñezan como se ficcionaliza a temática na produción literaria infantil e xuvenil escrita en lingua galega ou verquida a ela. Entre as iniciativas máis recentes é de destacar a da editorial OQO, responsábel do proxecto “Os Contos do Camiño”, un programa europeo que percorrerá neste ano 2010 as cidades de Évora (Camiño portugués), Bordeaux (Camiño francés), Óbidos (Camiño portugués), Madrid (Camiño de Madrid que enlaza co Camiño francés) e Santiago de Compostela, con sesións de contacontos e obradoiros de creación artística e de animación á lectura para divulgar o patrimonio cultural das diferentes rutas xacobeas a través de contos de transmisión oral. Asemade, é de salientar a tradución ao galego do *Códice Calixtinus* (Edicións A Nosa Terra/Xunta de Galicia), realizada por Xosé López Díaz e ilustrada por Francisco Leiro.

Estas actividades ao redor das rutas xacobeas e da cidade de Compostela poden seguirse por medio da ampla bibliografía hoxe existente, na que se recolle toda a actividade citada, e tamén por medio de páxinas webs como [www.caminosantiago.org](http://www.caminosantiago.org), [www.guiarte.com](http://www.guiarte.com) e [www.bibliotecajacobeas.org](http://www.bibliotecajacobeas.org).

Este *Itinerario de Lecturas* preséntase organizado en dous apartados:

1. “Peregrinaxes a Compostela”, no que se acollen aquelas obras que teñen como eixo argumental o Camiño de Santiago e as súas diferentes rutas e etapas, a peregrinación, ademais de elementos que gardan relación con lendas, costumes, tradicións, mitos, personaxes ou referencias ao pasado histórico e cultural. Moitos destes elementos adáptanse tendo en conta o público infantil e xuvenil ao que as obras van destinadas e apróveitanse para introducir a aventura, a fantasía, o humor ou mesmo experiencias oníricas ou sobrenaturais, dándolles vida e protagonismo a personaxes como o Apóstolo Santiago ou o Mestre Mateo. Cómpre destacar como un aspecto recorrente o tratamento literario do Camiño como espazo para a vivencia dunha experiencia persoal asociada á madurez e á superación.

Neste grupo descríbense trinta e sete obras: vinte e unha de narrativa, un conto rimado, un poemario, tres pezas de literatura dramática e seis cómics; ademais de catro obras colectivas que acollen vinte relatos, cinco obras dramáticas e dous breves poemarios, organizadas por rigorosa orde alfabética de autor.

2. En “Compostela e Xacobeo”, descríbense aqueles textos vinculados a enclaves da propia Compostela e da Ruta Xacobeas, nos que se reflicten segredos, datos históricos e lendas, agora dende unha perspectiva máis xeral aínda que non se esquece, na maior parte dos casos, a mención á súa relación coa peregrinaxe.

Neste grupo acóllense dezaseis obras: trece de narrativa, unha de literatura dramática e dous cómics, organizadas por rigorosa orde alfabética de autor.

A descrición de cada unha das obras segue o mesmo esquema: reproducése a cuberta, un modelo de ficha bibliográfica e máis unha descrición dos contidos textual e visual, coa

intención de que os potenciais usuarios deste material poidan facer a elección en función dos seus intereses, atendendo á historia que se relata, como se conta e á banda etaria á que se destina en primeira instancia e que, no caso de non vir marcada pola editora, se introduce entre corchetes. Tamén se ofrece unha breve biobibliografía dos creadores e creadoras, é dicir, de quen escribe e ilustra.

Non se fai referencia neste *Itinerario de Lecturas* á recepción das obras por querer simplemente ofrecer unha orientación. Para complementalo, neste sentido, remítese ao mediador a que consulte os *Informes de Literatura* nos que se describe como estas obras foron acollidas pola crítica<sup>1</sup>. No que atinxe a aquelas que se publicaron antes destes *Informes*, remítese a Roig (1996), que cita mostras desta recepción, e a todas aquelas publicacións periódicas que se empregan nestes traballos e que atenden á recepción da LIX.

Para cumprir co obxectivo que guía este traballo, ofrécese para finalizar:

1. Fichas bibliográficas das obras que tratan esta temática escritas nas outras linguas do marco ibérico, é dicir, en castelán, catalán, éuscaro e portugués.
2. Referencias bibliográficas.
3. Índices de: escritores/as galegos/as, escritores/as traducidos/as, títulos galegos e títulos traducidos.

---

<sup>1</sup> Único observatorio que se realiza en Galicia de e sobre Literatura galega e en galego, incluída a infantil e xuvenil. Elabórase no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ao abeiro do proxecto “Informes de Literatura”, dirixido por Blanca-Ana Roig Rechou, e pódese consultar a través da páxina web do centro de investigación ([www.cirp.es](http://www.cirp.es)), apartado “Recursos” (Roig, 1996-2009).



## **2. De camiño a Compostela pola LIX**

### **2.1 Peregrinaxes a Compostela**





**Título:** *O bordón e a estrela: de Roncesvalles a Nájera*

**Escritor:** Joaquín Aguirre Bellver

**Ilustrador:** Nivio López Vigil

**Tradutora:** Xulia Fernández Fernández

**Editorial:** Edelvives

**Colección:** Ala Delta; 26, serie verde  
(a partir dos 10 anos)

**Ano de publicación:** 1993

**Núm. pp.:** 92



**Título:** *O Camiño de Santiago de Compostela: o bordón e a estrela*

**Escritor:** Joaquín Aguirre Bellver

**Ilustrador:** Nivio López Vigil

**Tradutora:** Xulia Fernández Fernández

**Editorial:** Edelvives

**Colección:** Ala Delta; 27, serie verde  
(a partir dos 10 anos)

**Ano de publicación:** 1993

**Núm. pp.:** 72

## A OBRA

Novela en dúas entregas baseada nas lendas que, ao longo dos séculos, se foron forxando á beira da ruta pola que “rezou e peregrinou Europa nos seus tempos de unidade espiritual”, como sinala o propio autor no limiar. Ten como protagonistas o escultor Geraud de Saint Guilles, que está a facer o Camiño de Santiago para alcanzar o perdón por un crime do que foi acusado inxustamente, e un neno orfo, Mateo, que vive nun convento de Roncesvalles, lugar que abandona para acompañar a Geraud durante o traxecto a Compostela. Nesta viaxe ambos viven distintas peripecias nas que se teñen que axudar mutuamente, así como a outros cos que se atopan. O maior dos perigos nos que se ven involucrados é o enfrontamento cuns ladróns que secuestran o fillo dun nobre alemán, facendo pare-

cer culpábel a Geraud. Ante esta situación, Mateo loita por demostrar a inocencia do seu amigo, polo que mesmo pon en perigo a súa vida, acción que se ve recompensada coa intercepción milagreira do Santo.

No segundo volume continúan as aventuras de Mateo e Geraud no Camiño a Compostela, enlazando no punto exacto no que remataran na primeira entrega: a aldea de San Domingos da Calzada. Neste lugar, os protagonistas coñecen os planos do ermitán para construír unha ponte sobre o río Oxa que lles facilite o paso aos peregrinos. O escultor comprométese co ermitán a volver e axudarlle na construción, para logo continuar camiño cara a Vilafranca, Burgos, Terra de Campos, Sahagún, León, etc., lugares nos que os peregrinos cos que se atopan van narrando as súas vivencias ou as de personaxes relevantes na tradición xacobeá, como San Bento ou Carlo-magno. A medida que se aproximan a Santiago de Compostela, os peregrinos manifestan a ledicia e o entusiasmo por alcanzar a meta, esperanza que se ve tronzada polo ataque duns ladróns, que feren de morte a Mateo. Finalmente, este logra chegar ao Monte do Gozo, lugar no que atopa a razón da súa peregrinación a Santiago: reunirse con súa nai morta, mentres que Geraud, liberado do seu castigo, regresa a San Domingos da Calzada para cumprir a súa promesa.

As ilustracións figurativas nos dous volumes mostran xa dende a cuberta a caracterización dos personaxes e o contexto no que discorre o relato, co que se complementan. Están realizadas en acuarela pero a impresión está feita en gama de grises.

## O ESCRITOR

**Joaquín Aguirre Bellver** (Madrid, 1929), debuxante e pintor, é licenciado en Filoloxía Románica e Xornalismo. A súa produción dirixida ao lectorado infantil e xuvenil ten recibido diferentes galardóns, entre eles o Premio Lazarillo ou o da Comisión Católica Española de la Infancia (CCEI), este último outorgado a *El bordón y la estrella* en 1962. Algunha das súas

obras mesmo foron levadas ao cine con grande éxito, como ocorreu en 1964 co filme *Miguelín*, que gañou en Cannes o Gran Premio Mundial de Cine para a Infancia e a Xuventude. En 1967 comezou unha segunda etapa da súa produción e nos últimos anos dedicouse por enteiro á LIX.

## O ILUSTRADOR

**Nivio López Vigil** (A Habana, 1957) estudou Belas Artes e Oficios, é historiador e arqueólogo. Fixo traballos para diversas editoriais e participou en exposicións individuais e colectivas. Publicou máis de cen obras, algunhas delas merecentes de recoñecementos nacionais e internacionais como o galardón da Bienal Internacional de Lannion en 1990, o Premio CCEI de Ilustración 1997, o Premio Concurso Libro Infantil y Juvenil ANILIJ 1998 e a Lista de Honra do Premio CCEI de Ilustración 2004. En galego ten ilustrado *Compañeiro de soños* (1992), de Fernando Lalana, ou *Aínda quedan piratas na Costa da Morte* (1995), de Consuelo Jiménez de Cisneros.



**Título:** *Imos xuntos camiñar*

**Escritoras/es:** Marilar Aleixandre, Xoán Babarro, Fina Casalderrey, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro, Paco Martín, Xosé A. Neira Cruz e Gloria Sánchez

**Ilustradores:** Xan López Domínguez e Manuel Uhía

**Editorial:** Xunta de Galicia

[Lectorado autónomo]

**Ano de publicación:** 1999

**Núm. pp.:** 247

## A OBRA

Volume que recolle as creacións narrativas, poéticas e gráficas de seis escritores, tres escritoras e dous ilustradores galegos que buscaron no Camiño francés por Galicia historias e experiencias que recrear.

Ademais dun texto de Marilar Aleixandre, titulado “A tartaruga ou sapoconcho”, onde menciona a todos os que participaron na excursión e as etapas da viaxe e que vai dando paso ao longo do volume ás historias que naceron da experiencia, inclúense as colaboracións que se describen a seguir.

O relato “A galiña peregrina” (pp. 17-30), de Gloria Sánchez, ten como protagonista a popular galiña de San Domingos da Calzada que, ansiosa por poder voar, visita o Apóstolo Santiago para que lle conceda o seu desexo. Logo de provocar unha grande algarada na catedral pola súa estraña presenza e a súa extravagante petición, logra voar coma un paxariño. Este relato foi ampliado n’*A galiña da paz* (2002).

Fina Casalderrey, no relato “Chavo de laranxa” (pp. 39-54), presenta unha nena meiga que está sentada a carranchapernas na lúa e conta como se construíu a catedral de Santiago e todas as rúas, casas e fontes que hai ao seu redor e mesmo como se fixo a casa do Cabaleiro do Cabalo Branco.

Antonio García Teijeiro, en “As verbas que fan o camiño” (pp. 63-80), recolle un conxunto de estrofas construídas a par-

tir de rimas baseadas na transmisión oral e nas que predominan estruturas paralelísticas e xogos de palabras, coas que presenta todos aqueles elementos relacionados co mundo da natureza e que rodean o peregrino na súa viaxe polo Camiño de Santiago.

O relato de Xabier P. Docampo, “O neno que perdeu a súa avoa” (pp. 91-108), presenta unha temática que non ten que ver co Camiño, pero, no marco da viaxe destes creadores e creadoras afirmase que “todo o que se conta no camiño pasa a formar parte del”. Relátase como, despois da desaparición da avoa de Gregorio, este e os seus amigos descubren que os da casa de Ardao se dedicaban a secuestrar vellos e a gardalos nunha neveira para, cando estivesen aburridos, metelos no microondas, desconxelalos e pasar unha tarde de conversa con eles.

Xoán Babarro González, en “Roldán e as tres princesas de Libredón” (pp. 119-136), botando man do romance, recrea a historia de Roldán, que grazas a unha cónchega peregrina, salva a súa vida e libera do maleficio as princesas que o demo convertera en tres pedras no reino de Libredón.

Paco Martín relata en “O pozo” (pp. 143-155) a historia de Afonso, un mozo que se namora dunha peregrina florentina que viaxa a Santiago para curar unha doenza, e pola que abandona o fogar e marcha sen comunicarlle a ningún o seu destino.

Agustín Fernández Paz, en “A vella foto das estrelas” (pp. 161-186), sitúa a narración no Cebreiro. Neste espazo, Branca, unha moza forzada a peregrinar con seus pais ao longo do Camiño de Santiago, coñece un rapaz en estrañas circunstancias que a fai sentirse de forma especial. Finalmente, descobre que se trata dun mozo de Barcelona que morrera no Cebreiro un ano antes e ao que súa nai decidira soterrar alí. Este conto foi incluído, con abondosas modificacións e revisións do autor, na obra *Tres pasos polo misterio* (2004).

Marilar Aleixandre presenta en “A sombra dos morcegos” (pp. 197-209) a Ana, Andrés e Paulo, tres mozos que deciden ir a Fisterra para completar o Camiño de Santiago. Perdidos nas serras do Xallas, pasan alí unha noite poboada polas som-

bras e o medo, até que chega a mañá e Andrés comproba que nada malo pasara e que Ana, a quen coidaba desaparecida, estaba ao seu carón.

Xosé A. Neira Cruz achega o relato “Oreallas de podengo” (pp. 217-242), no que se narra a historia de amor entre Mela, unha rapaza de Santiago, e Baudouin, un rapaz belga que fai o Camiño de Santiago dende Bruxelas para redimir a condena que lle fora imposta polos males que cometera.

A ilustración da cuberta mostra unha colaxe de imaxes nas que aparecen debuxos acquarelados. No interior perfilanse dúas tipoloxías diferentes: unha de carácter figurativo e de marcado ton narrativo, describindo algúns fragmentos dos textos, e outra de forte carácter simbólico, na que a través de estratexias visuais se xoga a buscar asociacións co relato. En ambas predominan as cores cálidas con tonalidades moi traballadas e os contrastes das formas escuras sobre fondos claros ou á inversa.

## OS ESCRITORES E AS ESCRITORAS

**Marilar Aleixandre** é o nome literario de María Pilar Jiménez Aleixandre (Madrid, 1947). É profesora de Didáctica da Bioloxía e Educación Ambiental na Universidade de Santiago de Compostela, ademais de ser narradora, poeta e tradutora e participar en múltiples actividades asociativas e culturais. Estreouse no ámbito da LIX galega con *A formiga coxa* (1989) e até a actualidade publicou máis dunha quincena de títulos. Entre eles, cómpre citar *A expedición do Pacífico* (1994, 2000, Premio Merlín 1994, Premio da Crítica 1995 e seleccionada pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez como unha das mellores obras da literatura infantil española do século XX), *O trasno de Alqueidón* (1996, Premio Rañolas 1996), *A banda sen futuro* (1999, Premio Lazarillo de Literatura Xuvenil 1999) e *A Cabeza de Medusa* (2008, Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2008).

**Gloria Sánchez** (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, 1958) estudou Maxisterio e exerce a docencia impartindo clases aos máis pequenos. Ten publicadas arredor de trinta obras dirixidas ao lectorado infantil e xuvenil. Iniciou a súa traxectoria coa publicación d'*A pequena historia de Oscariño* (1989), á que seguiron títulos como *Fafarraios* (1991, Premio Merlín 1990), *Doutor Rus* (1995, Premio Edebé de Literatura Infantil 1994) ou *Chinto e Tom* (2001, Premio Lazarillo 2000 e The White Ravens 2002) até *Dez Piratas* (2006) e *Adiviñas monstruosas* (2006).

**Fina Casalderrey** (Xeve, Pontevedra, 1951) é mestra e ten participado activamente na renovación pedagóxica. É unha autora moi recoñecida e traducida a outras linguas, que iniciou a súa produción literaria dirixida ao lectorado infantil e xuvenil en 1991 con *Mutacións xenéticas*. Colaborou en múltiples volumes colectivos e escribiu ao redor duns cincuenta títulos até o ano 2009, no que saíron á luz *1 pulga, 5 amigos e 1 tándem*; *Fiz, o coleccionista de medos*; *Pesadelo no tren chocolate*; *O misterio da casa do Pombal* e *Papá é meu!* Moitas das súas obras foron merecentes de importantes galardóns, como por exemplo, *Dúas bágoas por máquina* (1992, Premio Merlín 1991), *O misterio dos fillos de Lúa* (1995, Premio O Barco de Vapor 1994 e Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1996) e *O estanque dos parrulos pobres* (1996, Premio Edebé de Literatura Infantil 1995).

**Antonio García Teijeiro** (Vigo, 1952) é mestre de profesión e participou activamente en movementos de renovación pedagóxica, ademais de impartir cursos de animación á lectura e creación literaria e dirixir coleccións editoriais. Pese a iniciar a súa traxectoria literaria publicando para o lectorado adulto, a súa maior produción cinguese á narrativa e, sobre todo, á poesía infantil e xuvenil con máis de trinta títulos editados. Foi coa poesía, precisamente, coa que alcanzou unha maior proxección e é considerado unha das voces máis cualificadas no xénero. Entre os galardóns que mereceu son de salientar os alcanzados con, por exemplo, *Na fogueira dos versos* (1996, Premio Merlín 1996, finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xu-

venil 1997, Lista de Honra do IBBY 1998 e Premio Internacional Pier Paolo Vergerio 1998 da Universidade de Padua), *Versos de agua* (1989, versión castelá de *Cacarabín, Cacarabón*, 1991, seleccionada pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez como unha das mellores obras de LIX do século XX) e *Aire sonoro* (2001, finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2002). No ano 2009 publicou *As palabras están a mirarse ao redor da mesa*.

**Xabier P. Docampo** (Rábade, Lugo, 1946) foi mestre até a súa xubilación no ano 2006. Pola súa profesión sempre estivo vinculado cos movementos de renovación pedagóxica. Fixo traballos varios como actor de teatro e autor e director de guións para cine e vídeo, ademais de participar en cursos e outros encontros formativos e culturais e en múltiples publicacións periódicas. É autor de libros de texto e dunha ampla obra literaria infantil e xuvenil, que foi traducida a outras linguas e merecente de diversos galardóns. Nese último ámbito publicou máis de vinte obras, entre as que cómpre citar *Cando petan na porta pola noite* (1994, 2000, 2002, Premio Rañolas de Literatura Infantil e Xuvenil 1995, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1995 e Lista de Honra do IBBY 1996) até o 2009 que publicou *A noite das filantes*.

**Xoán Babarro González** (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947) é catedrático de bacharelato na materia de lingua e literatura galega e participou e traballou activamente na introdución do galego no ámbito educativo a través da realización de diversos cursos e material didáctico. No campo da creación literaria deuse a coñecer en 1974, ao recibir o premio no Concurso de Contos O Facho, coa narración “Zoca zoqueira”, relato que aparecerá publicado no volume colectivo *Contos pra Nenos* (1979). Este sería o inicio dunha ampla produción de títulos dirixidos á infancia e xuventude, moitos deles escritos en colaboración coa súa muller, Ana María Fernández. Até a actualidade publicou máis de cincuenta títulos e, entre eles, poderían sinalarse *Primeiro libro con Malola* (1985, Premio O Barco de

Vapor 1985), *¡Grande invento para saír do aburrimiento!* (1987, Primeiro Premio no 6º Concurso de Teatro O Facho 1983) e *Barrigaverde e o dragón Achís* (1990, Premio O Barco de Vapor 1989), todos eles escritos con Ana María. No ano 2009 publicou *Cormarín, Do A ao Z con...Pondal* e en colaboración coa súa dona, *Chrystyan Magic. Atrapado na torre*.

**Paco Martín** é o nome literario de Francisco Martín Iglesias (Recatelo, Lugo, 1940). Foi mestre entre os anos 1961-2000 e realizou material didáctico diverso, ademais de dirixir o suplemento *Axónxere. Semanario do neno galego* (1974-1975) publicado en *La Región* e colaborar na prensa periódica e en programas de radio e televisión. Como escritor en lingua galega, achegou numerosos títulos tanto para o público adulto coma o máis novo, entre os que se atopan entre estes últimos máis dunha ducia de obras. O máis recoñecido é *Das cousas de Ramón Lamote* (1985, 1986, 1987, 1988, 1999, 2002, Premio O Barco de Vapor 1984, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1986, Lista de Honra do IBBY 1986 e The White Ravens 1988), que foi editado en varias linguas e tivo continuidade en *Das novas cousas de Ramón Lamote* (2008). Entre os galardóns que recibiu, cómpre destacar o Premio de Contos O Facho (1973), Losada Diéguez (1985), Santiago de TVE (1987) ou Puro Cora de Xornalismo (1994).

**Agustín Fernández Paz** (Vilalba, Lugo, 1947) foi profesor de Lingua e Literatura galegas até a súa xubilación en 2007 e é un dos autores que máis títulos achegou ao lectorado infantil e xuvenil galego, así como un dos máis traducidos. Salienta a súa actividade no ámbito da renovación pedagóxica. Deuse a coñecer como escritor para a infancia no Premio de Contos O Facho e dende 1989 publicou máis de corenta obras polas que recibiu numerosos premios como *As flores radiactivas* (1990, Premio Merlín 1989), *Contos por palabras* (1991, 2001, 2002, Premio Lazarillo 1990, Lista de Honra do IBBY 1992 e Premio Lecturas 2002), *Cartas de inverno* (1995, 2007, Premio Raíolas de Literatura Infantil e Xuvenil 1995), *Cos pés no aire* (1999,

2002, Premio de Literatura Infantil Raíña Lupa 1998), *Aire negro* (2000, 2009, Premio Protagonista Jove 2001), *O meu nome é Skywalker* (2003, Premio O Barco de Vapor 2003 e *The White Ravens* 2004), *O único que queda é o amor* (2007, Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil 2007, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008 e Lista de Honra do IBBY 2010) até *Lúa do Senegal*, *Valados* e *A dama da Luz* publicadas todas en 2009. Polo conxunto da súa obra mereceu tamén o Premio Nacional Emilia Pardo Bazán do Ministerio de Educación e Cultura para libros non sexistas.

**Xosé A. Neira Cruz** (Santiago de Compostela, 1968) é escritor, xornalista e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. Como autor de LIX publicou máis dunha ducia de obras, dende *Ó outro lado do sumidoiro* (1989, Premio Merlín 1988) até *A avoa Encarna fai niño*, *Un bico de amor e vida* e *Violeta non é Violeta* que viron a luz en 2009. Recibiu múltiples galardóns por títulos como *Valdemuller* (1998, Premio O Barco de Vapor 1997), *Os ollos do tangaleirón* (2000, Premio O Barco de Vapor 1999), *As cousas claras* (2000, Premio Merlín 2000), *O armiño dorme* (2003, Premio Raíña Lupa 2002), *A noite da Raíña Berenguela* (2005, Premio Lazarillo 2004) ou *O punto da escarola* (2009, IV Premio Barriga Verde). Tamén traduciu ao galego varias obras de LIX doutros ámbitos, entre as que destacan as pertencentes á serie de Liesbet Slegers, que ten como protagonista a Iago.

## OS ILUSTRADORES

**Xan López Domínguez** (Lugo, 1957) é ilustrador, escritor, humorista gráfico, autor de cómics, cartelista e deseñador. Fundou en 1979, xunto con Fran Jaraba e Miguelanxo Prado, o grupo Xofre, o cal editou os seus propios cómics. Ten colaborado en publicacións como *Can sen dono*, *Golfiño* ou *BD Banda*, así como en diversos xornais. É o responsábel da ilustración de máis dunha trintena de obras de LIX galega, dende que se ini-

ciara con *Cantan os nenos (O libro de María)* (1983), de Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes até, por exemplo, *Valados* (2009), de Agustín Fernández Paz, ou *Restaurante Farruco* (2009), de Chus Pereiro. Así mesmo, foi incluído no catálogo de ilustradores da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña en 1990. É autor de catro libros dirixidos aos máis novos: *Voces na lagoa do espantallo* (1990), *Gago por Merenda* (1995), *Teodomiro soña con dragóns* (2000) e *A princesa e o dragón* (2000).

**Manuel Uhía Lima** (Portonovo, Pontevedra, 1944) estudou Belas Artes en Madrid, onde comezou a traballar como ilustrador e deseñador gráfico en editoriais e axencias de publicidade, labor que continuou ao seu regreso a Galicia e que comparte tamén coa pintura ou, nalgunha ocasión, coa dirección e o traballo como guionista de documentais de temática mariña. Ten ilustrado máis de oitenta libros, moitos deles de LIX, polos que recibiu numerosos galardóns, entre eles o Premio Rañolas de Ilustración 1997, Lista de Honra no XXXVI Premio CCEI 1997 e o Premio de Ilustración Lecturas 2004 de Gálix. Ademais de como ilustrador, como autor de LIX ten publicado arredor de dez obras, dende *Pinturiño* (1996) até *Medusiña e familia* (2009).



**Título:** *Postais do Camiño*

**Escritoras/es:** Marilar Aleixandre, Agustín Fernández Paz, Paco Martín, An Alfaya, Xoán Babarro, Fina Casalderrey, Ana María Fernández, Antonio García Teijeiro, Helena Villar Janeiro, Paula Carballreira e Gloria Sánchez

**Ilustrador:** Lázaro Enríquez

**Editorial:** Galaxia

**Colección:** Árbore/Galaxia; 131, serie verde  
(a partir dos 12 anos)

**Ano de publicación:** 2004

**Núm. pp.:** 225

## A OBRA

Volume no que algúns dos autores máis representativos da LIX galega tratan aventuras e reflexións que teñen como escenario o Camiño de Santiago. Iníciase a obra precisamente cun mapa de situación dos lugares e cidades polos que discorre este Camiño, que enlaza Francia con Santiago de Compostela.

En “A canción de Roldán” (pp. 9-26), Marilar Aleixandre presenta un relato na voz narrativa en primeira persoa dunha moza que fai o Camiño en bicicleta cos seus curmáns e un amigo destes chamado Roldán. Ademais de recoller a súa experiencia, conta como durante o traxecto foron evocando personaxes históricos vinculados aos diferentes lugares e tamén como foi mudando a súa relación con Roldán até adquirir un carácter máis íntimo e ter un desenlace dramático, ao se producir un accidente no que morre o mozo.

Agustín Fernández Paz estrutura o seu relato “Unha historia de fantasmas” (pp. 27-48) en tres episodios, ao longo dos que unha muller narra en primeira persoa a súa experiencia no Camiño de Santiago e o que aconteceu mentres descansaba dunha xornada en terras navarras cando, despois da cea cun grupo de peregrinos, apareceu un enigmático home que lles contou a desgraciada historia de amor de dous mozos de Puente la Reina, unha vila situada no Camiño. O home relatou co-

mo tras a morte del nun accidente de tráfico, a moza sentía seguido unha presenza constante na súa casa e non atopaba por ningures o poemario *Punto cero*, de José Ángel Valente, que el lle regalara. A narradora, sorprendida pola historia, busca ao día seguinte o enigmático home e descobre que, en realidade, era o home morto catro anos antes. Este relato foi reescrito, ao xeito do autor, e reproducése no ano 2007 na obra *O único que queda é o amor*.

Paco Martín recorre en “A fita vermella” (pp. 49-65) á lenda da galiña de San Domingos da Calzada, que cantou despois de asada para salvar un rapaz dunha inxustiza. Nárrase a través dunha terceira persoa omnisciente como viven o percorrido un grupo de adolescentes guiados polo seu profesorado. Descríbense as súas actitudes e achéganse os coñecementos que van adquirindo sobre a historia da Ruta Xacobeá, entre eles, que segue viva a tradición, entre os descendentes do xuíz, que quixo condenar o rapaz protagonista da lenda, de levar unha fita vermella e convidar cada noite un peregrino a cear.

An Alfaya, en “Búscase psiquiatra de polos” (pp. 67-83), utiliza tamén a lenda da galiña de San Domingos. Tras a explicación da orixe dun cartel colgado no galiñeiro da catedral no que se pide un psiquiatra de polos, dáselle paso á narración do galo Capón e da galiña Capoa, que contan como os humanos, en lugar de falar, chegaron todos a cacarexar, mentres eles adquiriron a calidade humana de vocalizar.

Xoán Babarro, baixo o título “Vintedous milagres do Camiño” (pp. 85-99), sitúa o relato nos anos corenta. Un matrimonio galego merca unhas terras a un emigrante, polo cal viaxan a Palencia para entregar os cartos. No traxecto, e temerosos de que se produza un roubo, fan a promesa de que se todo sae con ben percorrerán vinte e dous milagres do Camiño. Entregado o pagamento inician a súa peregrinación por diferentes lugares nos que van lembrando detalles dos monumentos, da vida dos personaxes ou dos lugares vinculados co culto ao Apóstolo.

Fina Casallerrey presenta en “Perigo na catedral” (pp. 101-123) un narrador en primeira persoa, David, que decide facer

co seu tío Miguel a peregrinación de Roncesvalles a Santiago. Ao longo das etapas acompañaos un personaxe moi estraño que lle vai narrando as máis diversas lendas asociadas co Camiño e que o guiará no suceso máis misterioso que vive: loitar contra as toupas que están a provocar o derrubamento da catedral gótica de León.

En “Tres tempos” (pp. 125-141), Ana María Fernández recrea a experiencia dun mozo que nos montes de León perde a seu irmán, co que viña percorrendo o Camiño de Santiago. Alí atopa un xograr e un arrieiro que lle contan as súas desgraciadas historias e aos que axuda a abandonar a súa penitencia por non ter cumprido a promesa de peregrinar á tumba do Apóstolo.

Antonio García Teijeiro estrutura o relato “As lentes de John Lennon” (pp. 143-168) en cinco capítulos titulados que teñen como protagonista a Xurxo, un mozo que fai o Camiño de Santiago dende Vilafranca canda seu tío Roque e súa curmá Anabel. Neste percorrido Xurxo busca darlle outro sentido á súa vida e mudar a súa existencia gris e marcada pola tristeza por un horizonte no que ver a cor. A figura de John Lennon convértese no seu guieiro, pois moitos aspectos da infancia do músico inglés son semellantes á súa, en especial, o feito de que o fogar se desintegrou polo abandono paterno. A súa busca ten como obxectivo simbólico atopar os lentes redondos de Lennon para poder mudar a súa visión das cousas, feito que acontecerá cando coñeza unha moza no Cebreiro.

Helena Villar Janeiro colabora no volume co relato “Os ollos de Galahaz” (pp. 169-193). Nel cóntase a experiencia dunha adolescente que fai o Camiño de Santiago na compañía dun grupo de amigos como reafirmación e busca de independencia ante seus pais, que inicialmente se opoñen. Durante o percorrido tomará conciencia de canto quere a súa nai e de que o rapaz que lle gustaba, unha vez que o coñece mellor, xa non lle interesa. Porén, atopa outro mozo de orixe francesa que se converte no seu confidente e ao que lle pon o nome de Galahaz, porque lle lembra este personaxe histórico.

Paula Carballeira ofrece en “Prata lavada” (pp. 195-207) un relato de misterio. Un narrador en terceira persoa conta como Xocas ten que se enfrontar aos mouros do castelo de Pambre, dos que cae escravo e dos que se libera ao atopar un colar de prata lavada no río. Logo diríxese a Compostela, onde ten que entregar un mapa a dona Soledad, quen lle descobre que nel está a situación das trabes de ouro, prata e alcatrán, e que ela gardará como moura que é, perdoándolle a vida pero quitándolle a voz para que non desvele o segredo.

Gloria Sánchez realiza en “Sainete no Camiño. Obra mixta para monicreques e actores” (pp. 209-225) unha homenaxe ao titiriteiro Xosé Silvent, máis coñecido como Barrigaverde. Nesta peza aparecen personaxes característicos da cidade de Santiago de Compostela como o Tuno, as Mariás e o Cabaleiro de Santiago, cos que os monicreques conversan e dos que mesmo se mofan. O enfrontamento dáse tamén con Xosé, que tenta obrigá-los os seus monicreques a que se laven, pero finalmente será el o que remate no río ao ser vítima dun accidente.

A ilustración da cuberta continúa na contracuberta e presenta unha mestura de imaxes relacionadas con peregrinos. Cada relato vai acompañado dunha ilustración conformada por algúns elementos da narración e na que o autor acostuma mesturar, nun estilo moi libre, distintos personaxes ou obxectos da actualidade con imaxes que conectan co pasado do Camiño: grafías antigas, personaxes medievais, debuxos de catedrais, notacións musicais, etc. As ilustracións están realizadas con tinta e augadas dunha soa cor.

## OS ESCRITORES

**Marilar Aleixandre** (Ver p. 22)

**Agustín Fernández Paz** (Ver pp. 25-26)

**Paco Martín** (Ver p. 25)

**An Alfaya** é o nome literario de M<sup>a</sup> de los Ángeles Alfaya Bernárdez (Vigo, 1964), diplomada en Maxisterio e Criminoloxía e detective privado. Escribe tanto para un lectorado adulto coma para o infantil e xuvenil. Neste ámbito estreouse no ano 1993 con *O maquinista Antón* (2009, Primeiro Premio da Mostra de Teatro Infantil Xeración Nós 1991), ao que lle seguirían ao redor dunhas vinte obras de narrativa e teatro, até *Anfora exipcia* (2009). Entre elas, cabe salientar *¡Sireno, Sireno!* (1997, Premio Merlín de Literatura Infantil 1997), *A encantadora* (2003, finalista do Premio Merlín 2002) e *A sombra descalza* (2006, Premio Lazarillo de Literatura Xuvenil 2005, Premio Xosé Neira Vilas 2006 ao Mellor Libro Infantil e Xuvenil, The White Ravens 2007 e Lista de Honra do IBBY 2008) e *Illa Soidade* (2007, Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2007).

**Xoán Babarro González** (Ver pp. 24-25)

**Fina Casalderrey** (Ver p. 23)

**Ana María Fernández** (Palma de Mallorca, 1949) realizou estudos de Maxisterio e de Filoloxía Románica e exerce como mestra. A súa preocupación polo ensino do galego animouna non só a elaborar diverso material didáctico, senón tamén a publicar un número interesante de títulos dirixidos á infancia e xuventude, moitas veces ao carón do seu marido Xoán Babarro. Deuse a coñecer con *O Profesor das Estrelas*, unha peza teatral coa que quedou finalista no Premio de Teatro O Facho 1973 e que foi incluída no libro *Contos Degrañados* (1981), inicio dunha inxente produción narrativa, poética e teatral dentro da LIX galega, da que forman parte títulos como *Os Amigos do Cabaceiro* (1983, Premio de Contos O Facho en 1977) e *Amar e Outros Verbos* (2002, Premio Lazarillo de Creación Literaria 2002 e incluído na Lista de Honra de CLIJ de 2002), así como os elaborados xunto a Babarro, *Primeiro libro con Malola* (1985, Premio O Barco de Vapor 1985), *¡Grande invento para saír do aburrimento!* (1987, Primeiro Premio no 6º Concurso de Teatro

O Facho 1983) e *Barrigaverde e o dragón Achís* (1990, Premio O Barco de Vapor 1989). No ano 2009 publicou en solitario *Do A ao Z con...Rosalia* e en colaboración con Babarro, *Chrystyan Magic. Atrapado na torre*.

**Antonio García Teijeiro** (Ver pp. 23-24)

**Helena Villar Janeiro** (Becerreá, Lugo, 1940) realizou estudos de Maxisterio e Filosofía e Letras (sección de pedagogía). Ademais de exercer a docencia en diferentes centros educativos, formou parte do Gabinete de Estudos para a Reforma Educativa de Galicia e foi coordinadora docente de Lingua Galega na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Foi cofundadora e secretaria do PEN Club de Galicia e é presidenta da Fundación Rosalía de Castro, ademais de pertencer ao grupo poético Cravo Fondo. Comezou o seu percorrido literario co poemario para adultos *Alalás* (1972), ao que lle seguiron moitos outros títulos en diferentes xéneros, algúns deles merecedores de importantes premios e escritos en colaboración co seu marido Xesús Rábade Paredes, con quen tamén se estreou na LIX. Un sistema no que adquiriu unha gran notoriedade a partir dos seus máis de vinte títulos e un monllo de traducións. Entre eles, cómpre nomear *Viaxe á illa redonda* (1987, 1992, 2º Premio O Barco de Vapor 1986) e *Na praia dos lagartos* (2004, Premio Arume 2003).

**Paula Carballeira** (Fene, Ferrol, 1972) licenciouse en Filoloxía Hispánica e participou en numerosos eventos relacionados coa literatura de transmisión oral. Así mesmo, é membro do grupo teatral Berrobambán, escribe teatro e traballa como actriz na televisión, na radio e como contacontos. No referente á LIX, conta no seu haber con máis de quince títulos, entre os que está a peza teatral *Boas noites* (2007, I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2006) e as obras publicadas en 2009: *O lobishome de Candeán* e *Los colores del miedo. As cores do medo*, escrita en colaboración con Pablo Albo.

**Gloria Sánchez** (Ver p. 23)

## O ILUSTRADOR

**Lázaro Enríquez** (A Habana, 1950-Vigo, 2005) está considerado como un gran calígrafo, o que o fixo merecente dunha mención especial e Medalla de Ouro no Xapón. Realizou múltiples traballos tanto en Cuba como en España, dende carteis, láminas e ilustracións para libros. De entre eles, destacan algúns títulos da LIX galega como *Deṣ eran deṣ* (1996), de Xoán Babarro, ou *O chápiro verde* (1999), de Marilar Aleixandre.



**Título:** *O milagre das estrelas*  
(*Aventuras do mago Antón no Camiño de Santiago*)  
**Escritor:** Darío Xohán Cabana  
**Ilustradora:** Liliانا Vázquez  
**Editorial:** Xerais de Galicia  
**Colección:** Merlín, serie verde (de 9 anos en diante)  
**Ano de publicación:** 1993  
**Núm. pp.:** 63

## A OBRA

Narración en terceira persoa que ten como protagonistas o mago Antón, un trotamundos de Lugo que chegou co seu circo a París, e a súa axudante Güendoline. Relátase como durante a función, e despois de números de maxia que arrincan os aplausos dos espectadores, o mago lles pide que sexan eles os que escollan tres personaxes que lles gustaría que aparecesen no escenario. Os elixidos polo público son o emperador Carlomagno, que instaurou a peregrinación a Santiago de Compostela; o seu sobriño Roldán, o máis valente dos doce pares de Francia; e Don Gaiferos de Mormaltán (Guillherme X de Aquitania), que tamén foi peregrino a Compostela. Debido á intervención do Demo, o mago perece durante un número de maxia, o que provoca que estes personaxes históricos invoquen o Apóstolo para que interceda por eles e poidan volver onde estaban. Realizado o milagre, o Apóstolo convértese en home e ten que regresar a Santiago andando, viaxe na que deciden acompañalo polo Camiño francés como mostra de agradecemento. Durante a peregrinación enfróntanse a diferentes contratempos provocados polo Demo, pero todos son superados pola intervención milagreira do Santo ou polos trucos de maxia de Antón.

As ilustracións de técnica mixta mostran dende a cuberta unha montaxe con fragmentos de fotografías sobre fondos

debuxados e traballados con grandes manchas de cores acuareladas. A cuberta funciona como un indicio de que algo vai suceder e coloca o lectorado en situación de esperar un relato que garda relación con xogos de maxia. As ilustracións dentro do texto achegan moita información ao relato e caracterizan os personaxes, empregando as súas fotografías para conferir-lles maior realismo.

## O ESCRITOR

**Darío Xohán Cabana** (Roás, Terra Chá, Lugo, 1952) é funcionario do Concello de Lugo e autor de obra poética e narrativa dirixida ao público adulto, así como dunha ducia de obras dirixidas á infancia, actividade que iniciou en 1990 con títulos como *Chirlo*, *Merlo*, *na figueira*, *Galván en Saor* e *As aventuras de Breogán Folgueira*, aos que logo seguiron outras obras recoñecidas con galardóns como *O Castrón de Ouro* (1994, Premio O Barco de Vapor 1993) até que no ano 2000 publicou *Inés e a cadela sabia*.

## A ILUSTRADORA

**Liliana Vázquez** ademais desta obra ilustrou *A fantástica viaxe de Sabela* (1992), de Euloxio Rodríguez Ruibal; *Polo correo do vento* (1994), de Aquilino Iglesia Alvariño; e *O aniversario de Ana* (1997), de Concha Blanco.



**Título:** *De como o Santo dos Croques se fai peregrino*

**Escritor:** Pepe Carballude

**Editorial:** SM

**Colección:** O Barco de Vapor; 38 (a partir de 12 anos)

**Ano de publicación:** 2002

**Núm. pp.:** 143

**Premio:** O Barco de Vapor 2002

## A OBRA

Novela con trazos policiais na que un narrador en terceira persoa relata as diferentes peripecias que vive o Mestre Mateo durante a súa peregrinación dende O Cebreiro até Santiago de Compostela. A historia, que está artellada en nove capítulos e na que se bota man da técnica do *flash-back*, recolle como a figura de pedra se converte en ser humano para cumprir a promesa de peregrinar até a tumba do Apóstolo durante o Ano Santo de 1999, traxecto no que é acompañado polo Anxo Trompeteiro, que xa se dá a coñecer dende a cuberta, e unha sombra negra, que representa o mal e que tenta en todo momento poñerlles atrancos aos viaxeiros. Dende o inicio, os peregrinos provocan o desconcerto de todos aqueles cos que se atopan, personaxes do mundo rural galego que demostran por veces habelencia para buscar favores do que consideran santo e outras cren que se trata dun tolo, pero todos eles acaban sendo testemuñas, ás que interrogan dous policía que se encargan de pescudar as causas da desaparición das esculturas do Pórtico da Gloria, substituídas por dúas réplicas. Unha novela que, con grandes doses de humor, incide en valores de gran relevancia na sociedade actual tales como a tolerancia cara ao outro, a axuda ao próximo, a amizade, etc. É salientábel tamén a mestura de personaxes de carácter histórico como o propio Mestre Mateo ou o Anxo, cos de carácter simbólico

como a sombra negra e con aquel outros pertencentes á sociedade actual como o Sarxento Gamallo, o Comisario García ou o sancristán do Cebreiro, que favorecen a mestura de realidade e fantasía que se dá na obra.

## O ESCRITOR

**Pepe Carballude** (Rubín, A Estrada, 1956) é profesor de Latín no Instituto Neira Vilas de Oleiros. Iniciouse na LIX cunha obra merecente do terceiro Premio O Barco de Vapor 1986, *Os gaxafellos* (1987, 2006), á que lle seguiron até o ano 2009, no que publicou *Xograres dun tempo novo*, máis dunha quincena de títulos. En colaboración con Andrés García Vilariño escribiu *O Deus desaparecido*, tamén galardoada co Premio O Barco de Vapor 1990 e publicada un ano despois.



**Título:** *Un peregrino en Melide*

**Escritor e ilustrador:** Pepe Carreiro

**Editorial:** Edicións A Nosa Terra

**Colección:** Os Bolechas van de viaxe  
[Prelectorado]

**Ano de publicación:** 2007

**Núm. pp.:** [28]

## A OBRA

Os Bolechas hospédanse na pousada para peregrinos dos pais de Carolina, “O Formigueiro”, e, despois de almorzar, van ver o Camiño de Santiago. Carolina ensínalles unha ponte pola que pasa o Camiño francés e coméntalles que é moi antiga. No paseo atópanse cuns peregrinos galos que buscan pousada, polo que Carolina e os irmáns Bolechas os levarán a “O Formigueiro”, onde cean polbo e pan de centeo. Despois de cear, van durmir e Carolina móstralles o galo do tempo, que llo trouxeron de Portugal, e miran pola xanela a Vía Láctea que guía os peregrinos até Compostela. Pola mañá, despídense do seu amigo Jacques, o pequeno peregrino francés, que porá diferentes escusas para quedar cos seus amigos o maior tempo posíbel. Así, dirá que se encontra mal, que ten que ir ao médico e pintará de morado o galo do tempo para que, deste xeito, anuncie choiva. Finalmente, Jacques convencerá os pais dos Bolechas e de Carolina para que os deixen ir con eles facer o Camiño a Compostela.

As ilustracións teñen dúas partes diferenciadas, unha, o relato en si, e outra, as ilustracións en pequeno cun pé que informa do lugar no que está baseado o debuxo; ademais, nas dúas gardas veñen unhas pequenas etiquetas que presentan os Bolechas. Son de carácter figurativo e están realizadas a toda cor, con tintas planas e coas formas remarcadas por unha liña grosa. As escenas, de páxina completa, correspóndense total-

mente co texto, de xeito que a narración se pode seguir perfectamente só coas imaxes.

## O ESCRITOR E ILUSTRADOR

**Pepe Carreiro** (Vigo, 1954) comezou o seu labor como humorista gráfico en 1977. Colaborou en diversas publicacións periódicas, ofrecendo páxinas de banda deseñada en revistas como *Golfinho* ou *Bule Bule*. É autor tamén de cómics como *A retirada de Sir Jonh Moore* (2002) e *Os Barbanzóns* (2003). Como ilustrador ten colaborado en abondosos textos dirixidos ao lectorado infantil e xuvenil. Na actualidade realiza para a editorial A Nosa Terra os textos e as ilustracións das coleccións “A Nosa Historia” e “A Historia Universal” e das diferentes series que teñen como protagonistas os irmáns Bolechas e o seu can Chispa e que seguen a se publicar, anualmente, con grande éxito entre os máis novos.



**Título:** *Lúas de nácara*

**Escritora:** Fina Casalderrey

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Colección:** Fóra de xogo; 68  
[Mocidade]

**Ano de publicación:** 2003


**Núm. pp.:** 122

## A OBRA

Volume conformado por cinco relatos nos que ten lugar unha simbiose entre o mundo real e o fantástico, e nos que palpitan sentimentos coma o amor, o medo ou a soidade, ademais de contar sempre coa presenza da luz anacarada, que tamén se rexistra nun dos peritextos prefaciais do volume, a dedicatoria: “A miña nai e a meu pai, que con sabedoría e amor pintaron de nácara a miña infancia”. De entre os relatos, “Lúas de nácara”, “Cita nos xardíns do sur”, “Refachos de néboa”, “Residencial cero” e “Un xeadro para toda a vida”, é o terceiro deles o que trata as vivencias ao redor da peregrinación a Santiago de Compostela e os sentimentos que o traxecto fai avivar, expresado mediante unha voz feminina que lle transmite ao lectorado a súa experiencia persoal ao percorrer o Camiño de Santiago, a través do cal non só realiza un traxecto físico, senón tamén interior, ao longo do que se van aclarando as súas leas sentimentais por medio duns encontros clandestinos co seu home ideal.

## A ESCRITORA

**Fina Casalderrey** (Ver p. 23)



**Título:** *O peregrino a Compostela. Diario dun mago*

**Escritor:** Paulo Coelho

**Tradutoras:** Ana Belén Costas Vila e Eva Lozano  
Carpente

**Editorial:** Galaxia

**Colección:** Costa Oeste; 18

[Mocidade]

**Ano de publicación:** 1998

**Núm. pp.:** 257

## A OBRA

Novela na que se mesturan trazos do libro de viaxes con outros propios das narracións de autoformación. Comeza cun “Prefacio”, asinado por Claudia Castello Branco, no que se describe a temática da obra e as características de Paulo, o personaxe central, que vai adquirindo unha progresiva madurez a medida que avanza a narración. Ao longo dos quince capítulos titulados, do prólogo e do epílogo, o narrador protagonista relata en primeira persoa as experiencias vividas durante o seu percorrido polo Camiño de Santiago. Paulo é un brasileiro que se ve na obriga de percorrer este traxecto para atopar a espada que lle permita ser nomeado mestre e cabaleiro da orde de RAM: “R de Rigor, A de Amor e M de Misericordia; R de Regnum, A de Agnus, M de Mundi”. Durante boa parte desta viaxe iniciática dende Francia a Compostela, fin que reproduce a cuberta, vai acompañado do seu mestre Petrus, que lle serve de guieiro, ademais de lle dar as instrucións para unha serie de “rituais” e exercicios cos que conseguir a espada e converter os soños en realidade.

## O ESCRITOR

**Paulo Coelho** (Río de Xaneiro, 1947) é un escritor que descubriu a súa vocación a idade moi temperá, aínda que comezou estudos de Dereito que abandonou para traballar no mundo do teatro, do xornalismo e da música. Na súa mocidade trasladouse a Londres, onde empezou a dedicarse de cheo á literatura, nun inicio sen moito éxito. En 1987, despois de percorrer o Camiño de Santiago, escribiu o seu primeiro libro, que foi traducido ao galego en 1998 co título *O peregrino a Compostela. Diario dun mago*. No mesmo ano, viu a luz a tradución d'*O alquimista* e, en 2007, a de *Veronika decide morrer* (2007).



**Título:** *A pousada do sétimo día*

**Escritor:** Juan Fariñas

**Ilustrador:** Xosé Cobas

**Tradutor:** Xavier Senín Fernández

**Editorial:** Everest Galicia

**Colección:** Punto de Encontro

[Mocidade]

**Ano de publicación:** 1998

**Núm. pp.:** 120

## A OBRA

Relato fantástico que parte da oralidade. Un vello profesor de Filosofía xa retirado, de nome Ciríaco, conta a historia da aparición das ánimas en pena cada 25 de xullo dos anos Xacobeos na taberna do Suso, situada na Serra da Loba, na Pobra. A través de once cadernos, nos que a historia transcorre entre a realidade e o soño, sitúase a acción nesa taberna, na que se congregan un político de Lugo, o pintor Piero de Padua, unha muller vella e altiva, Griselda, e o narrador, espectador que coñece á luz do candil cada unha das historias destes personaxes e que dá comezo e fin a través da primeira persoa ao relato, orixinado pola súa afección a coleccionar cousas e anotalo todo en cadernos que garda nun baúl. Todos os personaxes, mesmo o taberneiro, o seu neto parvo e a vella que o acompañña, foron castigados á peregrinación sen fin por emprenderen o Camiño con propósitos pecadentos, dominados pola avaricia, a envexa, a vinganza e a trampa. O vagar destas ánimas en pena, a presenza da taberna fantasma e a redención da pena do pousadeiro, castigado a ofrecer caridade, introducen o lectorado no mundo máxico e lendario que rodea o Camiño de Santiago e transmítenlle o medo que pervive en Ciríaco.

Este relato está acompañado de ilustracións en branco e negro que dan conta de elementos naturais que se atopan neste percorrido.

## O ESCRITOR

**Juan Farias** (Serantes, A Coruña, 1935) é autor dunha ampla obra tanto de literatura coma de guións para radio e televisión. A súa produción está traducida a linguas como o ruso, polaco, danés, francés e todas as linguas do Estado español. No caso do galego, a súa produción iniciouse en 1990 coas traducións d'*Os corredoiras* e *O fillo do xardineiro*, ás que seguiron *Os camiños da lúa* (2000) e *Ismael, que foi mariñeiro* (2000), entre outros títulos, até o máis recente, *Galego á beira do mar* (2008).

## O ILUSTRADOR

**Xosé Cobas** (Logrosa, Negreira, A Coruña, 1953) traballa de deseñador gráfico na Deputación da Coruña, aínda que complementa esta faceta artística coa da pintura e a ilustración. Como pintor ten realizado mostras de carácter individual e tamén participado noutras colectivas tanto a nivel nacional coma internacional, alcanzando distintas mencións, entre elas a do Certame Internacional Pérez Villaamil. No campo da ilustración os seus traballos aparecen tanto en libros de poesía coma de ensaio ou narrativa e mesmo en xornais, pero é sen dúbida na LIX onde máis ten traballado. Neste ámbito comezou con *O rei de Ovisterre* (1992), de Segundo Ventín Cerviño, e até o ano 2009 ten ilustrado ao redor de cincuenta títulos, entre os últimos *A noite das filantes* (2009), de Xabier P. Docampo, e *As palabras están a mirarse ao redor da mesa* (2009), de Antonio García Teijeiro, ademais de ser recoñecido co Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Lecturas 2003 por *Aire sonoro* (2001), de Antonio García Teijeiro.



**Título:** *As flores do meu amigo*

**Escritor:** Rafael Fernández Lorenzo

**Ilustrador:** Xosé Cobas

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Colección:** Merlín, serie amarela  
(de 11 anos en adiante)

**Ano de publicación:** 2000

**Núm. pp.:** 110

## A OBRA

Paio Gómez Chariño, co cometido de facerse cargo da tutela e educación de Edelmiro Soutelo de Leirachán, fillo dun cabaleiro que morrera loitando contra os mouros nas guerras de Granada, parte de Toledo cunha comitiva formada por algúns cabaleiros e escudeiros, comandados polo paladín Tírso de Remeirás, o trovador Joam Airas de Santiago e dous peregrinos de Flandres. Tomando como pretexto esta viaxe cara a Galicia, na que os personaxes teñen que facerlle fronte a unha serie de arriscadas e perigosas situacións, o narrador omnisciente desta novela ten a oportunidade de dar a coñecer os diferentes puntos xeográficos polos que transcorre o Camiño de Santiago, mostrando os feitos históricos e edificacións máis representativas de cada un deles, ao mesmo tempo que ofrece unha panorámica xeral da cultura e sociedade durante o reinado de Afonso X, O Sabio, no século XIII. Finalmente, cando a comitiva chega á cidade compostelá, Edelmiro é nomeado cabaleiro pola súa valentía tras salvar a filla do seu protector, Xoana Mariño Chariño, que se unira a eles en Zamora e que rematará por confesarlle o seu amor, tamén correspondido polo rapaz.

Asemade esta historia complementábase con ilustracións en branco e negro que reproducen contextos ou escenas do narrado.

## O ESCRITOR

**Rafael Fernández Lorenzo** (Cangas do Morrazo, Pontevedra, 1962), poeta e crítico literario, é autor de obras dirixidas ao lectorado infantil e xuvenil, como son os títulos de *Son media ducia e parecen cen* (1991) e *O ladrón de voces* (1998).

## O ILUSTRADOR

**Xosé Cobas** (Ver p. 45)



**Título:** *Suso Espada. O misterio do Grial*

**Escritor:** Francisco Fernández Naval

**Ilustradora:** Beatriz García Trillo

**Editorial:** Everest Galicia

**Colección:** Punto de Encontro

[Mocidade]

**Ano de publicación:** 2002

**Núm. pp.:** 123

## A OBRA

O protagonista central desta historia, Suso Espada, relata como un membro da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago visita o seu centro de traballo, a Axencia de Detectives Nabucodonosor, para encargarlle que investiguen a desaparición do Grial do Cebreiro, o vaso polo que Xesús Cristo bebeu o viño na Última Cea. Así, ao longo de trece capítulos numerados en romanos, aínda que no volume apareza até o número catorce, o lectorado agardado vai percorrer con Suso diferentes puntos do Camiño de Santiago, que visita na procura de pistas, ademais de ir descubrindo novas desaparicións nas igrexas e un conxunto de personaxes que lle achegan información ao mozo detective. Cando se atopa a piques de completar o crebacabezas que o levará á solución do caso, Suso é raptado polos autores dos roubos, detrás dos cales tamén se agocha unha rede de tráfico de inmigrantes. Trátase, en fin, dunha novela de misterio con ocasionais alusións a feitos actuais ou á obra de certos escritores, sobre todo galegos, na que se ten a oportunidade de saber máis sobre o Camiño de Santiago ou a corte do Rei Artur.

As principais características das ilustracións son a creación dunhas figuras humanas bastante estilizadas. O cromatismo empregado con abundancia de grises e cores frías préstase a afondar no misterio que envolve toda a narración. Sobresaen

dun xeito significativo os elementos dos diferentes ambientes do Camiño que se describen nos textos: paisaxes, edificacións ou espazos interiores, que contan con referencias no relato.

## O ESCRITOR

**Francisco Fernández Naval** (Ourense, 1956) é licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación e traballa como funcionario público. Foi un dos fundadores dos grupos de teatro Rúa Viva e Caritel. Como autor de literatura para adultos conseguiu diferentes premios e ademais para o lectorado mozo ten publicado as obras *Historias roubadas* (1998), *Lendas de onte, soños de mañá* (2001) e *Suso Espada, Istanbul e o cabaliño de ouro* (2008).

## A ILUSTRADORA

**Beatriz García Trillo** (A Coruña) é profesora de arte e realizou traballos de ilustración para diversas revistas, ademais de abeirarse ao cómic. Na LIX galega responsabilizouse da proposta ilustrativa de *Lendas de onte, soños de mañá* (2001), de Francisco Fernández Naval; *A historia do home-can* (2002), de Pepe Carballude; *A aventura de Roque no mar* (2004), de Jesús Peteiro Vázquez; *O talismán dos druídas* (reedición 2006) e *Xogares dun tempo novo* (2009), de Pepe Carballude.



**Título:** *Tres pasos polo misterio*  
**Escritor:** Agustín Fernández Paz  
**Editorial:** Xerais de Galicia  
**Colección:** Fóra de xogo; 74  
[Mocidade]  
**Ano de publicación:** 2004  
**Núm. pp.:** 203

## A OBRA

Conxunto de tres relatos de terror publicados con anterioridade en obras colectivas e que agora presentan correccións e ampliacións levadas a cabo polo autor. Trátase de “A serpe de pedra”, recollido en *Contos do museo. Relatos do Museo Provincial de Lugo* (2003); “As sombras do faro”, publicado inicialmente en *Historias para calquera lugar* (2001) e “A vella foto das estrelas”, incluído en *Imos xuntos camiñar* (1999). Este último ten como escenario o Camiño de Santiago ao seu paso polo Cebreiro. Está narrado en primeira persoa por unha moza que, procedente de Vigo, está a percorrer o Camiño de Santiago en compañía de seus pais. A súa falta de predisposición inicial de cara á iniciativa dos seus proxenitores vese mudada pola presenza dun mozo, Daniel, ao que coñece unha noite e que se converte no seu confidente. Mentres contemplan o ceo estrelado do Cebreiro ela sente que con el pode falar de todo, que non ten vergoña ante a nudez da súa alma e que nunca se sentira tan a gusto con ningunha persoa. Ao día seguinte descubrirá desconcertada que este mozo morrera alí un ano antes e que estaba soterrado no cemiterio do lugar, despois de afogar no río vítima dun corte de dixestión.

O ambiente de misterio que se transmite nos relatos está xa anunciado dende a figura do corvo expectante que aparece no primeiro plano da cuberta.

## **O ESCRITOR**

**Agustín Fernández Paz** (Ver pp. 25-26)



**Título:** *O único que queda é o amor*

**Escritor:** Agustín Fernández Paz

**Ilustrador:** Pablo Auladell

**Editorial:** Xerais de Galicia

[Mocidade]

**Ano de publicación:** 2007

**Núm. pp.:** 176

**Premios:** Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil 2007

Asociación de Escritores en Lingua Galega (Infantil-Xuvenil) 2007

Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008

V Premio Frei Martín Sarmiento (3º ESO a Bacharelato) 2009

---

## A OBRA

Volume de relatos cinguidos polo amor ou o desamor e motivados pola importancia da lectura na vida do ser humano, que se salienta por medio de numerosas referencias literarias do gusto de Agustín Fernández Paz. O libro comeza cunha cita de *Neve*, de Orhan Pamuk, da que se extrae o título, e encabézase cada relato cunha referencia literaria que alude directa ou indirectamente ao tema ou idea central. En “Unha historia de fantasmas”, relato que xa fora publicado no volume colectivo *Postais do Camiño* (2004) e que agora é sometido a unha nova reescrita, unha peregrina a Compostela narra en primeira persoa un feito a cabalo entre a vida e a morte. Nun momento da historia a peregrina deixa de ser narradora obxectiva e convértese en oínte e testemuña da narración sobre o amor de Diana e do seu esposo máis alá da morte, que lle conta un compañeiro de hospedaxe e que resulta ser o esposo morto. O volume péchase co epílogo “De amores e de libros” no que Fernández Paz agradece tanto ás persoas que o motivaron a escribir estes relatos coma o labor do ilustrador, ademais de precisar as referencias literarias que entrelaza nos relatos.

A ilustración da cuberta reproduce unha escena do relato “Esa extraña lucidez” e as do interior, figurativas e simbólicas, ocupan toda a páxina e salientan a escena máis sobranceira, en tons grises cálidos con algunha pincelada en vermello. Así mesmo, os diferentes textos aparecen encabezados por un pequeno debuxo a tinta.

## O ESCRITOR

**Agustín Fernández Paz** (Ver pp. 25-26)

## O ILUSTRADOR

**Pablo Auladell** (Alacant, 1972) é licenciado en Filosofía e Letras. Ademais de se dedicar ao mundo do cómic, labor no que conta con galardóns como o Premio Nacional Injuve 2000, ten unha ampla carreira como ilustrador. Na LIX galega encargouse tamén das ilustracións d’*A casa de chocolate* (2008), dos irmáns Grimm.



**Título:** *A boca do inferno*

**Escritor:** Carlos Freire

**Ilustrador:** Xulio Cuba

**Editorial:** Everest Galicia

**Colección:** Punto de Encontro

[Mocidade]

**Ano de publicación:** 2004

**Núm. pp.:** 76

## A OBRA

Peza de teatro que ten como protagonista un cego que está a facer a peregrinación a Compostela. Ao longo da súa camiñada detense na aldea de Fontao, onde pretende cantar as súas coplas para recadar cartos e seguir camiño. A súa promesa de desvelar nos seus romances o misterio da desaparición de tres persoas na vila de Croques atopa o rexeitamento das autoridades locais, dende o párroco até o alcalde, pasando polo gobernador e os representantes da fidalguía, que ven ameazadas as súas posicións privilexiadas ante esta revelación. As manobras destes personaxes centrais da peza (cego, crego, sancristán, alcalde ou gobernador) para sacar tallada da situación creada pon de manifesto a loita de intereses, xa sexan de carácter económico ou sexual. Todos eles despregan unha gran dose de picardía, demostran as habelencias para alcanzar os seus obxectivos e non dubidan en mudar de opinión ou contradicir as súas accións segundo máis lles conveña en cada momento.

As ilustracións caracterizan dende a cuberta o protagonista central da peza de teatro —o cego— e mostran ao longo da obra algunhas outras descrições de escenas e personaxes, nas que hai que salientar no seu tratamento un achegamento á obra de Luís Seoane, especialmente pola utilización de debuxos de liñas

grossas e rotundas, feitas en rotulador e con grandes manchas de cores planas e cálidas.

## O ESCRITOR

**Carlos Freire** (A Coruña, 1948) é profesor de instituto. Dirixe dende o ano 1986 un grupo de teatro escolar e na actualidade tamén o grupo Trotaconventos. Froito da súa vinculación co mundo do ensino naceron pezas teatrais de contido pedagóxico como *Noite máxica* (1993), *Teatro de cámara* (1995) ou *As voltas do profesor*, e outras que abordan cuestións ecolóxicas como *S.O.S.*, *Mar de fondo* (1994) ou *O home do saco* (1999), aínda que tamén ten cultivado xéneros como a novela, *Ferrocarrilana* (1997).

## O ILUSTRADOR

**Xulio Cuba**, na LIX galega tamén ilustrou outra obra de Carlos Freire Pérez, *Noite máxica* (1993).



**Título:** *Os milagres de Santiago*

**Escritora:** Rosa García Vilariño

**Ilustradora:** Montse Ginesta

**Editorial:** Casals

**Colección:** Trolebús; 4

[Lectorado autónomo]

**Ano de publicación:** 1988

**Núm. pp.:** 61

## A OBRA

Versión moderna dalgúns fragmentos do manuscrito medieval datado entre finais do século XIV e principios do XV, *Os Milagres de Santiago*, pensada para dar a coñecer entre o lectorado máis novo a materia xacobeá. Na introdución, a autora, Rosa García Vilariño, explica a procedencia dos textos versionados, anuncia unha segunda entrega centrada nas aventuras de Carlomagno e chama a atención sobre as peculiaridades desta prosa, así como sobre o seu estilo reiterativo, sinxelo e próximo á transmisión oral, para rematar recomendando empregar como fonte a edición crítica desta obra publicada en 1958 por José Luís Pensado. A seguir, reproducense os vinte e seis textos breves nos que se tratan as intervencións e auxilios prestados polo Apóstolo, a procedencia dalgúns símbolos como a vieira ou a historia daqueles personaxes que obtiveron o favor de Santiago. Destaca desta proposta o carácter multicultural que caracteriza os peregrinos do Camiño de Santiago dende a antigüidade, a toma de conciencia da importancia de virtudes e valores como o arrepentimento, a compaixón, a humildade ou o respecto aos diferentes, o diálogo intercultural, etc. En xeral son textos moi breves, centrados en anécdotas e cos que se quere transmitir unha ensinanza.

Case todos os textos van acompañados de debuxos en branco e negro que falan da temática ou reproducen algunha escena do narrado.

## A ESCRITORA

**Rosa García Vilariño** é autora en solitario das obras *Xosé faise amigo do vento* (1990) e *Xosé e o vento* (2002) e participou, xunto con Xaquín Agulla Pizcueta e Fina Casalderrey, no libro *Retrincos de historias* (1993). Ademais de creadora e de adaptadora dalgún conto popular, ten un amplo labor como tradutora de obras para a nenez.

## A ILUSTRADORA

**Montse Ginesta Clavell** (Seva, Barcelona, 1952) estudou na Escola de Artes e Oficios da súa cidade natal. Como ilustradora de LIX ten unha ampla traxectoria dende o ano 1975, que na literatura galega comezou coa ilustración d'*O raposo pillabán* (1978), de Xoán Babarro e Ana María Fernández, e chegou até *¡Que paisaxe!* (2008), de Teresa Durán. Foi recoñecida pola súa actividade como ilustradora con diferentes galardóns entre os que se atopa o Premio Lazarillo de Ilustración 1987 ou o Premio Nacional de Ilustración en 1988 e 1994, pero tamén é autora de varias obras, algunha delas traducida ao galego, como é o caso d'*A pasteira Adelaida* (1983), *Gran de millo* (1988) e *O paxarote Fru-Fru* (1991).



**Título:** *Cristo e San Pedro, peregrinos. Contos populares de Galicia*

**Escritor:** Bernardino Graña

**Ilustrador:** Luís González

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Colección:** Gran Merlín

[Lectorado mozo]

**Ano de publicación:** 1994

**Núm. pp.:** 158

## A OBRA

Volume estruturado en cinco grandes apartados nos que se recollen diferentes versións de contos populares galegos que teñen como protagonistas a Cristo e San Pedro. Conta cunha introdución na que Bernardino Graña comeza reivindicando a importancia da memoria colectiva e da riqueza da transmisión oral; lembra iniciativas nas que se recolleu material oral na provincia de Lugo e céntrase no seu propio labor no Colexio Fingoí no curso 1961-1962, ademais de experiencias posteriores que deron lugar a algunha das súas obras. A seguir explica a súa intervención nos contos incluídos neste volume e as fontes consultadas previas á súa reescritura. Os contos distribúense nos grupos que levan por título “Cristo, San Pedro e Xudas na Coruña”, “Os cochos do Incio”, “Os sonhos cumpridos”, “Onde Cristo perdeu a gorra e Pedro o pelo” e “Xan Soldado nas portas do ceo”. No deambular dos protagonistas como peregrinos por terras galegas, estes entran en contacto con personaxes galegos cos que dialogan e dan a coñecer as súas posturas ante a vida e lles dan acubillo e comida. A viaxe remata en Santo Andrés de Teixido, lugar emblemático do Finis Terrae e destino das peregrinacións anteriores ás que renden culto ao Apóstolo Santiago.

Encadernado en tapas duras, o volume presenta na cuberta unha pequena ilustración na que se caracterizan os protagonis-

tas dos contos e se mostra o contexto e o momento —a paisaxe, as vestimentas...— no que se desenvolven as narracións. As ilustracións interiores, de carácter figurativo e dramático, mostran escenas dos contos describindo con gran realismo as situacións e empregando debuxos de liñas negras sobre fondo claro que recordan a técnica do gravado. A maior parte delas ocupa toda a páxina, aínda que noutros momentos son pequenas ilustracións que acompañan o texto.

## O ESCRITOR

**Bernardino Graña Villar** (Cangas do Morrazo, Pontevedra, 1932) exerceu a docencia como catedrático de Lingua e Literatura no ensino secundario até a súa xubilación en 1991. Nos anos cincuenta foi cofundador do grupo Brais Pinto de Madrid e colaborou no suplemento cultural compostelán *La Noche*. O que posteriormente foi o impulsor e primeiro presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) non deixou de colaborar en diferentes publicacións periódicas a partir dese momento. É membro da Real Academia Galega (RAG) e na literatura institucionalizada ou de adultos conta con abondosa produción, que en varias ocasións foi premiada e que abrangue todos os xéneros, aínda que sobresaíe o amplo número de poemarios. Para o lectorado infantil e xuvenil publicou arredor de vinte títulos dende o seu primeiro conto *O león e o paxaro rebelde* (1969, primeiro Premio do II Concurso de Contos O Facho 1969) até *No castelo de Marbel* (2009), *Un porco con chapéu* (2009) ou *Con Franco nun armario* (2009). Entre eles destaca *O gaiteiro e o Rato Pérez* (1994) que mereceu o Premio Merlín 1993.

## O ILUSTRADOR

**Luís González**, ademáis desta obra, ilustrou *Chamizo* (1994), de Fina Casalderrey.



**Título:** *Cantigas de Santa María*

**Escritor:** Bernardino Graña

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Colección:** Gran Merlín

[Lectorado mozo]

**Ano de publicación:** 1996

**Núm. pp.:** 196

## A OBRA

Selección de cincuenta composicións extraídas da edición conimbricense das *Cantigas de Santa María*, editadas por Walter Mettmann, nas que se cantan os milagres e intercesións atribuídos á Virxe María e compostas por Afonso X O Sabio. Trátase dunha versión libre de Bernardino Graña coa que, segundo especifica nun breve limiar, busca un resultado “lexible e algo musical e gozable”, dirixido a un amplo abano de público. O volume estrutúrase en tres partes, que se corresponden coas trinta e sete composicións de “*Cantigas de milagres*”, dez de “*Cantigas de loor*” e tres de “*Cantigas de festas*”, ademais dun glosario no que se recollen e explican algunhas voces que poden presentar dificultades para o potencial lectorado. Entre todas estas composicións é de interese para este traballo a titulada “O romeiro de Santiago que era luxurioso”, na que se versifican as vivencias dun peregrino mentres se dirixe ao Sepulcro do Apóstolo. Segundo indica o adaptador, trátase dun dos relatos de transmisión oral máis coñecidos do Camiño de Santiago e nel están presentes elementos simbólicos e recorrentes da tradición xacobeá, como o xudeu errante ou a tentación demoníaca a través dunha forma animal, neste caso, un armiño. Nas estrofas de versos octosílabos cántase como o camiñante sucumbe á tentación de durmir cunha muller, como é enganado polo demo, que o castiga a mutilarse e

morrer e como, finalmente, pola intervención do Apóstolo e da Virxe, logra resucitar e facer penitencia o resto dos seus días, regresando unha e outra vez a Santiago.

## **O ESCRITOR**

**Bernardino Graña** (Ver p. 59)



**Título:** *As historias do vello camiñante*

**Escritor:** Luis Iglesias de Souza

**Ilustrador:** Enrique Ibáñez Clemente

**Editorial:** Nova Galicia

**Colección:** A torre e a flor, serie Un conto para todos los días

(8-9 anos en diante)

**Ano de publicación:** 1988

**Núm. pp.:** 229

## A OBRA

Luis Iglesias de Souza dedica esta entrega, correspondente ao mes de xullo da serie “Un conto tódolos días”, ao Apóstolo Santiago, dado que a súa festividade se celebra o día 25 deste mes. Ao longo dos trinta e un capítulos que compoñen esta obra, un por cada día do mes, os dous rapaces protagonistas, Xesús e Maruxa, son instruídos por un misterioso peregrino sobre a orixe lendaria do Camiño de Santiago. Fundamentalmente insiste nos aspectos relixiosos cunha clara intención moralizante, mais tamén dirixe a súa atención nun segundo termo a aspectos da vida cotiá da parella. Deste xeito, mestura elementos realistas con outros de carácter fantástico, caso do propio peregrino e das figuras animais humanizadas que interveñen no relato como a abella Traamunda. Asemade, incorpora numerosos elementos da transmisión oral por medio dunha serie de composicións poéticas. Sobre as historias ou lendas do Camiño de Santiago, afirmase que non son invencións, senón tradicións do pobo, e cóntase como aínda na actualidade xentes de todo o mundo seguen a Vía Láctea até a tumba do Apóstolo, unha ruta que xa fixeron San Francisco de Asís, San Bernardino de Siena, San Vicente Ferrer, San Toribio de Mongrovo e Santa Bríxida, entre outras figuras relixiosas.

As ilustracións acompañan cada un dos relatos con debuxos dos protagonistas, que percorren as diferentes contornas descritas nos textos.

## O ESCRITOR

**Luis Iglesias de Souza** (A Coruña, 1919-1995), membro da Real Academia Galega e de Acción Católica, escribiu *Contos miúdos* (1983), *As alaudas do mencer* (1989), *As historias da abella Traamunda* (1990), *As historias do anxo azul* (1991) e *O vello das pombas* (1998), entre outras obras.

## O ILUSTRADOR

**Enrique Ibáñez Clemente** colaborou asiduamente con Luis Iglesias de Souza en obras como *Rosalía para rapaces* (1985) e no resto de entregas da serie “Un conto tódolos días”.



**Título:** *Don Gaiferos*

**Escritor:** Kukas

**Ilustradores:** Agustín de Castro, Kukas e Yayo Cabezas

**Editorial:** Consorcio de Santiago

[Lectorado autónomo]

**Ano de publicación:** 1993

**Núm. pp.:** 47

## A OBRA

Cómic que comeza cun mapa de situación no que se marcan as diferentes rutas terrestres e marítimas cara á tumba do Apóstolo. No texto salientase o Camiño francés como o máis emblemático. A seguir, relátase tanto visual coma textualmente a viaxe realizada por Don Gaiferos a Compostela. Comézase describindo a indumentaria do peregrino no momento de principiar o camiño. Indícase que ademais da indumentaria clásica, “como tamén é un pilgrín moi moderno vai cargado de outros útiles e cachivachadas”. Nas viñetas, globos e texto percórrese con Don Gaiferos o Camiño francés dende Roncesvalles. Cóntase o que lle ocorre ao velliño en cada unha das etapas, quen o axuda ou quen pretende que abandone o camiño (O demo), até que vén o soldado (O Apóstolo), que será o seu acompañante definitivo. Cada etapa iníciase na páxina cunha greca que marca o itinerario xeográfico e un debuxo do santuario ou punto referencial máis relevante. Relátanse as peripecias de Don Gaiferos e os seus acompañantes e a axuda que moitos reciben do propio Apóstolo. Remata coa chegada á catedral e a morte do protagonista. Para indicar de onde se retoma o texto, repródúcese o romance de Don Gaiferos.

## O ESCRITOR E ILUSTRADOR

**Kukas** é o pseudónimo de Marcelino de Santiago Viqueira (Santiago de Compostela, 1954). Graduado en fotografía artística, este autor polifacético traballou nos ámbitos da pintura, da música, da fotografía, do deseño e das artes escénicas. No eido teatral é director do grupo de teatro Monicreques de Kukas dende a súa creación en 1979, que puxo en escena múltiples obras para a nenez, para quen escribiu ademais a peza *Monicreques* (1987) e a presente obra, que foi ilustrada tamén por dous composteláns compañeiros de profesión, Agustín de Castro e Yayo Cabezas.



**Título:** *Endrina e o segredo do peregrino*

**Escritora:** Concha López Narváez

**Ilustradora:** Teresa Cámara

**Tradutoras:** Silvia Gaspar Porras e Mercedes Doallo  
Biempica

**Editorial:** Galaxia

**Colección:** Árbore; 57, serie azul  
(a partir de 12 anos e para adultos)

**Ano de publicación:** 1992

**Núm. pp.:** 198



**Título:** *Endrina e o segredo do peregrino*

**Escritora:** Concha López Narváez

**Ilustradora:** Noemí López

**Tradutoras:** Silvia Gaspar Porras e Mercedes Doallo  
Biempica

**Editorial:** Galaxia

**Colección:** Árbore/Galaxia; 130, serie verde  
(a partir de 12 anos)

**Ano de publicación:** 2004

**Núm. pp.:** 256

## A OBRA

Novela histórica que se desenvolve ao longo do Camiño de Santiago a finais do século XII, momento de máximo esplendor das peregrinacións xacobeas. Está estruturada en vinte e un capítulos e protagonizada por unha moza chamada Endrina, orixinaria de Navarra, que se dedicaba ao pastoreo e que un día coñece a dous peregrinos que viaxan a Compostela. Ela axúdalles a se defender duns ladróns que os asaltan e decide acompañalos até a súa meta: Santiago de Compostela. Ao longo deste percorrido descobre que a viaxe está presidida por un misterioso enigma, o cal se desvelará ao longo do Camiño. No traxecto viven innumerábeis aventuras e episodios que os levarán finalmente á cidade do Apóstolo e que poñen de manifesto

a inseguridade e perigos que ameazaban os peregrinos, movidos por unha fe inquebrantábel que os ampara e anima neste “camiño de fe e de aventuras”. A narración avanza a medida que o fai o propio Camiño, que aparece reflectido a través das súas paisaxes e do ambiente humano e cultural que o dominaba nesa altura.

O texto na súa primeira edición foi acompañado de pequenas e sinxelas ilustracións, realizadas por Teresa Cámara Fernández de Sevilla, que caracterizan e describen algúns dos seus personaxes e situacións. Son debuxos realistas coloreados con contornos en liña negra, aínda que coa impresión do texto aparecen en gama de grises. Na segunda edición, publicada con motivo da celebración do Xacobeo 2004, foi Noemí López a encargada das imaxes que acompañan o texto. Agora aumenta-se a tipoloxía e tamaño dos debuxos, que aparecen a cor na escena que se reproduce na cuberta. Os tons grises empréganse no interior e as ilustracións ocupan toda a páxina. Tamén se usa un formato máis grande na encadernación e no corpo de letra e suprímese a partitura do “Canto do ultreia” titulado *Dum Paterfamilias*, datado no século XII, que pechaba a primeira edición.


## A ESCRITORA

**Concha López Narváez** (Sevilla, 1939) é licenciada en Filosofía e Letras e especialista en Historia de América pola Universidade da súa cidade natal. Exerceu como profesora en centros de ensinanza secundaria pero abandonou esta profesión para dedicarse á escrita. Ten publicado máis de corenta novelas infantís e xuvenís, sendo recoñecida con galardóns como o Premio Lazarillo. Tamén escribiu contos breves para xornais e libros de texto, ademais de adaptar contos clásicos. Varias das súas obras están traducidas ao galego. Ademais desta novela, poden lerse en galego *A árbore dos paxaros sen voo* (1991) e *Aventuras de Picofino* (1995) e, en colaboración co seu home, Carmelo Salmerón, *A viaxe do vento pequeno* (1997).

## AS ILUSTRADORAS

**Teresa Cámara Fernández de Sevilla** (Vilanova dos Infantes, Cidade Real, 1949) estudou Belas Artes na facultade de San Fernando de Madrid e é profesora de Plástica no Instituto Alexandre Bóveda de Vigo. Participou en exposicións colectivas e ilustrou varios libros dirixidos aos máis novos. Iniciou esta actividade no ano 1990 con *A lúa non está á venda*, de Alice Vieira, e *A perla*, de John Steinbeck, labor que continuou en 1996 con *Bloque 12, 2ª esquerda*, da citada autora portuguesa.

**Noemí López Vázquez** (Xixón, 1974) é graduada na especialidade de Deseño Gráfico pola Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos Ramón Falcón de Lugo. Dende 1994, ano no que recibiu o premio de Deseño Gráfico do San Froilán, colabora coas institucións lucenses no deseño de carteis, ilustracións para diferentes traballos e mesmo ten realizado tiras cómicas sobre o Camiño de Santiago para o xornal *El Progreso*. No eido literario ten ilustrado máis de vinte títulos dende *As porcas porquiñas* (1997), de Xosé A. Neira Cruz; *Podes vir* (1997), de Fina Casalderrey; até *E Xoel aprendeu a voar* (2009), de Marica Campo, ou *A avoa Encarna fai niño* (2009), tamén de Neira Cruz.



**Título:** *Príncipes de Bretaña, Estrelas de Compostela*

**Escritor:** Ramón Loureiro

**Ilustrador:** Gonzalo Pernas

**Editorial:** Biblos Clube de Lectores  
[Lectorado autónomo]

**Ano de publicación:** 2009

**Núm. pp.:** 34

## A OBRA

Conto que rende unha homenaxe ao mundo das peregrinacións e aos camiños a Santiago de Compostela, especialmente ao Camiño do norte, mediante a mestura de historia e fantasía. Nárrase como os Príncipes Bretóns acostumaban a viaxar polos camiños do mundo, coas súas casas humildemente prefabricadas ao lombo, coa finalidade de atopar o Noso Señor, San Pedro ou a Virxe María, pois adoitaban percorrer as terras na forma de distintas figuras humanas. Un Ano Santo os príncipes acordaron emprender unha viaxe polo Camiño francés a Santiago de Compostela de cara a gañar o Xubileo. Nesta viaxe atopáronse con infinidade de acontecementos marabillosos e milagrosos (cegos que recuperan a vista, ríos que xorden do nada...) nos diversos enclaves que no camiño se poden admirar, como Santo Andrés de Teixido, Ferrol, Mondoñedo ou O Cebreiro. A súa magnitude aumenta no seu punto final cando, unha vez alcanzada a Basílica da Catedral, os príncipes son premiados con Santiago Apóstolo erguéndose para darlles a benvinda e os leóns deitándose ante eles. Neste momento, a maxia da peregrinaxe acentúase coa aparición de flores adornando a Catedral, o botafumeiro comezando a voar e un cabalo branco atravesando a Praza do Obradoiro.

As páxinas preséntanse totalmente ilustradas con imaxes de cores vivas e debuxos sinxelos, aínda que moi expresivos, transmitindo, cunha certa compoñente didáctica, unha historia compostelá rodeada de maxia e cargada de valores relixiosos.

Trátase de ilustracións figurativas mais as escenas dos milagres están resoltas con composicións de inspiración fantástica moi colorista. Hai referencias visuais a varios monumentos do Camiño (o Pórtico da Gloria, a Catedral e o Botafumeiro, entre outros) e incluso se aprecian uns peregrinos que percorren o Camiño.

## O ESCRITOR

**Ramón Loureiro** (Fene, A Coruña, 1965) é periodista, fotodocumentalista e escritor. Ademais da súa produción dentro da literatura institucionalizada, no ámbito da infantil e xuvenil publicou os títulos *O peixe de pedra* (2005), *A oca de Leonardo* (2006) e *A saga de San Ferreol* (2007).

## O ILUSTRADOR

**Gonzalo Pernas** é un debuxante novo madrileño, de orixe galega, fillo do novelista viveirense Ramón Pernas e da escritora extremeña Milagros Frías. Esta é a súa primeira achega á ilustración de obras en galego para a nenez.



**Título:** *Aventura no Camiño de Santiago: O cabaleiro*

**Escritor e ilustrador:** Primitivo Marcos

**Editorial:** Servizo de Publicacións da Excma. Deputación Provincial de Lugo

**Colección:** Aventura no Camiño de Santiago; 1  
[Lectorado mozo]

**Ano de publicación:** 1996

**Núm. pp.:** [12]



**Título:** *Aventura no Camiño de Santiago: A meniña*

**Escritor e ilustrador:** Primitivo Marcos

**Editorial:** Servizo de Publicacións da Excma. Deputación Provincial de Lugo

**Colección:** Aventura no Camiño de Santiago; 2  
[Lectorado mozo]

**Ano de publicación:** 1997

**Núm. pp.:** [12]



**Título:** *Aventura no Camiño de Santiago: A familia*

**Escritor e ilustrador:** Primitivo Marcos

**Editorial:** Servizo de Publicacións da Excma. Deputación Provincial de Lugo

**Colección:** Aventura no Camiño de Santiago; 3  
[Lectorado mozo]

**Ano de publicación:** 1998

**Núm. pp.:** [9]



**Título:** *Aventura no camiño de Santiago. Libro 1*

**Escritor e ilustrador:** Primitivo Marcos

**Editorial:** El Patito Editorial  
[Lectorado mozo]

**Ano de publicación:** 2008

**Núm. pp.:** 58

**Premios:** Premio Ourense de Banda Deseñada 2000

## A OBRA

Entregas dunha serie publicada orixinalmente en caderniños apaisados en branco e negro con cubertas a cor. En 2008 a serie foi recuperada nun único volume recompilatorio que ademais

recolle a cuarta entrega, “A doncela”, que quedou inédita no seu momento.


Os protagonistas destas historietas son os catro membros dunha familia nobre que viaxan en peregrinación a Compostela na compañía do seu séquito, aínda que adquiren especial relevancia os dous cativos, Xulián e Susana. A primeira entrega, “O cabaleiro”, coa que arrinca a serie, sitúase no século XIII no Cebreiro. Xulián bate no bosque cuns asaltantes e é salvado por un misterioso cabaleiro que se dedica a coidar dos peregrinos como acto de expiación das súas culpas do pasado. En “A meniña” desenvólvese unha aventura noutra etapa do Camiño, en Triacastela, onde Susana socorre unha muller enferma e necesitada de alimentos tras facer amizade coa súa filla Rosa. En “A familia”, os protagonistas chegan a Samos tras unha carreira na que as mulleres van por un lado e os homes por outro por se disputaren quen chegará antes. Así a nai e a rapaza cabalgan por un lado e o pai e o neno por outro e no camiño ambas parellas sofren o ataque dun raposo e dunha nai osa, respectivamente, perigos dos que saen vitoriosos, sen esquecer en ningún momento a súa aposta, que gañan as mulleres. E finalmente, en “A doncela”, os rapaces atopan na fraga de camiño a Sarria a Clara, unha muller que cada noite se converte en loba e por iso vive afastada da xente. Susana e Xulián tentan axudala a liberarse do seu feitizo.

A través de bandas deseñadas e secuenciadas vaise describindo visualmente a narración e contextualizando os diálogos que acompañan as imaxes. Son debuxos figurativos de liña negra, nos que se xoga con planos negros que contrastan co fondo branco, aumentando desta maneira a énfase e o dramatismo da escena narrada.

## O ESCRITOR E ILUSTRADOR

**Primitivo Marcos** (Lugo, 1962) é profesor de ensino secundario no Instituto María Sarmiento de Viveiro. Paralelamente desenvolve a súa carreira como ilustrador e debuxante de banda

deseñada, terreo no que ten colaborado con medios como o xornal *El Progreso* e revistas como *Lucus* e máis recentemente en *Galimatías*, na que continúa a serie titulada “Os Fdez”, que deu a coñecer na desaparecida *Golfiño*.



**Título:** *O bocexo do puma*

**Escritor:** Gonzalo Moure

**Tradutor:** Xosé Antón Palacio

**Editorial:** Alfaguara-Obradoiro/Fundación Caja de Granada

[Mocidade]

**Ano de publicación:** 2000

**Núm. pp.:** 197

**Premio:** Xaén de narrativa infantil e xuvenil 1999

## A OBRA

Novela situada no Camiño de Santiago como lugar de busca dun mesmo, como camiño cara ás profundidades do ser a través da perspectiva dun narrador omnisciente. Abram decide realizar o camiño dende Roncesvalles para esquecer o suicidio da súa moza, Lisa, no que se viu directamente implicado e para cumprir en certo modo o plan trazado por ambos de facelo xuntos. O rapaz vai lembrando momentos da súa difícil relación por entenderen a vida dende puntos de vista totalmente contrarios. Lisa, a causa da morte de seu pai nun accidente de coche, arrastraba dende nena unha culpabilidade que de sempre pretendeu agochar na autodestrución constante, utilizando o alcohol, as drogas e amizades pouco recomendábeis coas que procuraba a intensa diversión da fin de semana, co propósito de perder a conciencia. Abram coñecéraa nunha festa completamente borracha e intentara ofrecerlle outro camiño, para facela saír do aburrimiento permanente ante a vida, animándoa a cultivar os seus talentos naturais para a pintura e a fotografía pero sen conseguilo nunca totalmente. Un día Lisa decide suicidarse e organiza unha festa na súa casa de Arturo Soria, unha sórdida invitación ao final da súa vida. Abram asiste á celebración malia non estar invitado e alí vese finalmente ante o cadá-

ver da súa moza, unha escena que se presenta recorrentemente no relato. Todas as etapas do Camiño de Abram constitúen un paso máis no recordo de Lisa e da súa morte, sobre todo dende que comeza a súa relación con Alma, unha rapaza que o axudará a atopar a verdade e a se enfrontar a ela, ademais do verdadeiro sentido do Camiño, fóra da forma de facer turismo e de buscar un xeito de penitencia, dende a profundidade do tempo, como lugar de encontro entre compañeiros que comparten o pan. A presenza ameazante nas distintas etapas de Tim Legger, un dos amigos de Lisa, fai que finalmente Abram se enfronte á policía e recupere a escena final do suicidio.

Xa dende a fotografía da cuberta sitúase a temática da obra, pois aparece un adolescente xogando coa súa sombra e en actitude reflexiva, mentres o mundo parece xirar ao seu redor.

## O ESCRITOR

**Gonzalo Moure Trenor** (Valencia, 1951) estudou a carreira de Ciencias Políticas na Universidade Complutense de Madrid e traballou no terreo xornalístico dende 1973 (fundamentalmente na radio, aínda que tamén na prensa) até que en 1989 decidiu dedicarse de cheo á literatura. Abandonou o seu posto de director dunha emisora de radio en Ribadeo e especializouse en LIX, terreo no que mereceu importantes premios. En galego ten publicadas, ademais desta obra, *Palabras de caramelo* (2003), *Maíto Panduro* (2004), *Eu, que matei de melancolía ao pirata Francis Drake* (2004), *Un loto na neve* (2006), *A noite d'O Risón* (2007) e *Son un cabalo* (2007).



**Título:** *Santo Domingo de la Calzada, onde cantou a galiña despois de asada*

**Escritor:** Xesús Negreira Blanco

**Editorial:** Edicións Fervenza

**Colección:** A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar; 13

[Lectorado autónomo]

**Ano de publicación:** 2004

**Núm. pp.:** 16

## A OBRA

Peza de teatro que se abre cunha presentación de Xoán Xosé Fernández Abella, na que se sinala que a obra está baseada nunha lenda e que con ela se lle quere render unha homenaxe ao Camiño de Santiago e á Rioxá, unha das comarcas polas que transcorre. Sinala tamén que, en recordo desa lenda, aínda hoxe se manteñen vivos dentro da Catedral de San Domingos da Calzada un galo e unha galiña nunha gaiola, que xa se representan no debuxo da cuberta da obra. A peza, estruturada en dúas escenas, sitúase nunha pousada do Camiño de Santiago á que chega unha familia de peregrinos franceses procedentes de Poitiers, que se dirixen a Compostela para agradecerlle ao Apóstolo que curase o fillo enfermo. Na pousada coñecen outros personaxes cos que entran en contacto e aos que lles contan as súas vivencias. Durante a noite, dous pillos que se hospedaban alí rouban os cartos do pousadeiro e involucran o fillo da familia de peregrinos, deixando a bolsa baleira ao seu carón. A xustiza decide castigalo a morrer aforcado malia a falta de probas, feito que non se produce pola intercesión milagreira do Apóstolo, que evita que se cometa unha inxustiza.

## O ESCRITOR

**Xesús Negreira Blanco** (Bembrive, Val do Dubra, 1951) é mestre e licenciado en Ciencias da Educación e Pedagogía. Participou nos movementos de renovación pedagóxica e ten desenvolvido traballos de recuperación de material de transmisión oral, así como ten realizado tarefas de normalización ou coordinación no seu centro do Proxecto Educativo Europeo “Os Camiños de Santiago, Camiños de futuro”.



**Título:** *A viaxe a Compostela de Renato Ratoní, rato de compañía de Cosme III de Médicis*

**Escritor:** Xosé A. Neira Cruz

**Ilustradora:** Noemí López

**Editorial:** Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. S.A. de Xestión do Plan Xacobeo

[Lectorado autónomo]

**Ano de publicación:** 2004

**Núm. pp.:** 54

## A OBRA

Conto publicado con motivo da exposición do mesmo título celebrada en Santiago de Compostela por mor do Xacobeo 2004. O rato narrador, que fai de guía por esta mostra, achégalle ao lectorado agardado a historia da viaxe realizada por Cosme III de Médicis en 1669 á Cidade do Apóstolo. Explica que el é un tataraneto do rato de compañía deste príncipe italiano, Renato Ratoní, que decidiu quedar en Galicia ao namorarse de Rata Linda de Compostela, personaxe protagonista do conto rimado do mesmo título, de Bernardino Graña, co que se establece un xogo de intertextualidade. Ao longo desta exposición ou guía, ademais de explicar os tesouros dos Médicis, tamén dá lectura a fragmentos do diario que o seu antepasado escribiu ao longo desta viaxe, no que explica o itinerario seguido, dende a súa chegada a Barcelona, o paso por cidades como Zaragoza, Madrid, Córdoba ou Lisboa, até a entrada en Galicia por Tui, pasando logo por Pontevedra e, finalmente, a estada dos viaxeiros en Compostela dende o 4 de marzo de 1669.

A lectura textual deste conto vai acompañada da lectura visual a través dunhas ilustracións figurativas e de marcado carácter infantil e cómico. Dende a cuberta, de tapas duras e gran formato, preséntase unha colaxe na que se mestura a caracterización do propio personaxe con outros elementos coma fragmentos fotográficos e textos manuscritos, que axudan o

lectorado a situarse no contexto histórico do relato. Ao longo do texto o propio protagonista vai narrando secuencias e fragmentos que se mesturan coas ilustracións, reproducións de imaxes e textos que funcionan coma testemuñas da época narrada. As ilustracións están realizadas en *gouache* con tons cálidos —amarelos, laranxas...— e con formas moi curvas e onduladas, buscando a través dos matices a sensación de volume.

## O ESCRITOR

**Xosé A. Neira Cruz** (Ver p. 26)

## A ILUSTRADORA

**Noemí López Vázquez** (Ver p. 68)



**Título:** *Resalgarío*

**Escritor:** Antonio Reigosa

**Ilustrador:** Santiago Gutiérrez Gómez

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Colección:** Merlín; 108, serie laranxa  
(de 11 anos en diante)

**Año de publicación:** 2001

**Núm. pp.:** 99

**Premio:** Raíña Lupa 2000

## A OBRA

Resalgarío é o nome dun dos fillos máis novos do Demo Maior, que se converte no narrador protagonista desta novela estruturada en catorce capítulos curtos, todos eles titulados, nos que este diaño, que adopta figura humana, conta a súa viaxe a Compostela para visitar a San Croques, tras ser castigado por seu pai a pasar un ano de peregrino. No seu percorrido ten que botar man acotío da habelencia e sabedoría para librar-se dos enganos ao que o someten tanto os homes coma os animais e mesmo os seres de ultratumba. Despois de moitas aventuras nas diferentes etapas, non exentas de humor, chega por fin a Compostela e alí namórase dunha moza, á que conquista grazas a un consello que lle envía a nai por carta. É tan forte ese sentimento que decide non regresar ao seu inferno natal cando o pai o vén buscar no día de San Bertomeu. Tanto algunhas das aventuras narradas coma a propia forma de presentar os acontecementos e a linguaxe empregada teñen unha clara influencia das formas da transmisión oral.

O relato preséntase acompañado de ilustracións figurativas en branco e negro que recrean algunhas das escenas.

## O ESCRITOR

**Antonio Reigosa** (Zozán, Mondoñedo, 1958) traballa no Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo dende 1982. Colabora con traballos de divulgación relacionados coa historia, a arte, a etnografía, a mitoloxía popular e a literatura oral en diversos medios de comunicación e revistas especializadas. Así mesmo, é o creador e coordinador de *Galicia Encantada*, enciclopedia virtual da fantasía popular de Galicia, e cofundador do grupo de investigación etnográfico “Chaira”. Na LIX é coautor, xunto con Xosé Miranda e Xoán Ramiro Cuba, de distintos volumes nos que se reescriben contos da transmisión oral, publicados especialmente na colección “Cabalito buligán”. En solitario ten publicado arredor de media ducia de obras, dende *Afonso, Afonso. Memorias dun raposo* (1998, Premio Merlín 1998) até *O polimacho e outras criaturas* (2008).

## O ILUSTRADOR

**Santiago Gutiérrez Gómez** (Vigo, 1971) é caricaturista, humorista gráfico e ilustrador. Comezou colaborando cos xornais *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia*, para logo facelo con *Atlántico Diario*, *El Progreso*, *La Región* ou *La Opinión*. Expuxo a súa obra no Museo do Humor de Fene e recibiu premios como o do concurso de Humor Gráfico Joven&Brillante. Membro fundador de Baobab e presidente da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración dende 2008, no eido da LIX ten ilustrado tamén os contos *Tanis I, o Mocos* (1998) e *Estanislao, príncipe de Sofrovia* (2002), ambos de Manuel Lourenzo González; *Un fantasma en apuros* (2005), de Laura Gallego; *A bruxa que comía as palabras bonitas* (2006), de Antonio Rodríguez Almodóvar; ou *O maquinista Antón* (2009), de An Alfaya.



**Título:** *Camino á fin do mundo*

**Escritor:** Xosé M. Rosales Noves (coord.), idea orixinal e guión María Dolores Candedo Gunturiz, Xoán Xosé Lorenzo Lourido e Rosa María Vicente Álvarez

**Ilustrador:** Xosé Tomás

**Editorial:** Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia [Lectorado autónomo]

**Ano de publicación:** 2009

**Núm. pp.:** 15

---

## A OBRA

Breve cómic moi sinxelo destinado ao lectorado de 2º de Educación Primaria, enmarcado no “Proxectoterra”, unha iniciativa do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en colaboración coa Nova Escola Galega, a través dun grupo de traballo integrado por mestres e mestras en activo. O seu obxectivo é difundir materiais didácticos que afonden na percepción e análise por parte do alumnado do espazo no que habitan. Neste cómic, tomando como referencia algúns dos escenarios polos que pasa o Camiño de Santiago, pretenden favorecer o traballo con diferentes valores e actitudes. Os protagonistas son cinco rapaces e rapazas, Brais, Antía, Naím, Amalia e Uxía, que tras chegar a Compostela e cumprir o seu obxectivo de facer o Camiño de Santiago, acordan continuar a viaxe até Fisterra, verdadeiro punto final do percorrido. Ao longo do seu itinerario pasan por Negreira, Olveiroa, Cee e Corcubión e van reparando nas paisaxes que descubren e nas diferentes construcións que poboan o territorio.

## OS ESCRITORES

**María Dolores Candedo Gunturiz** é pedagoga, profesora de Teoría e Historia da Educación no Departamento de Pedagogo-

xía e Didáctica da Universidade da Coruña e Presidenta de Nova Escola Galega.

**Xoán Xosé Lorenzo Lourido** é mestre especialista en Ciencias Sociais no CEIP Ponzos de Ferrol, membro do Secretariado de Nova Escola Galega, ademais de especialista na elaboración de materiais multimedia e a formación no eido das novas tecnoloxías.

**Rosa María Vicente Álvarez** é pedagoga e tamén membro do Secretariado de Nova Escola Galega.

## O ILUSTRADOR

**Xosé Tomás Díaz Teijo** (Betanzos, 1971) é profesor de Inglés no IES de Melide, ademais de ilustrador e humorista gráfico en prensa. Asinou traballos para as revistas *Plis-Plas* e *Golfiño* e imparte con regularidade talleres de ilustración e cómic en centros de ensino. Tamén traballa o cartelismo didáctico e achégase á realización de materiais multimedia. No eido da ilustración infantil e xuvenil, o seu nome aparece en máis de vinte títulos, entre os máis actuais están *Cando eu saiba ler* (2009), de Yolanda Castaño, ou *O arco da vella* (2009), de Charo Pita. Como creador de cómic ou álbum gráfico é autor de *Tolos* (2008) e *Compañeiros. Homenaxe ás vítimas do Portiño* (2008).



**Título:** *A Galiña da Paz*  
**Escritora:** Gloria Sánchez  
**Ilustrador:** Manuel Uhía  
**Editorial:** Edebé-Rodeira  
**Colección:** Tucán; 31, serie verde  
(a partir de 9 anos)  
**Ano de publicación:** 2002  
**Núm. pp.:** 150

## A OBRA

Relato que coñeceu unha primeira versión no volume *Imos xuntos camiñar* (1999) e no que se bota man do humor para desmontar algúns dos tópicos referidos ao Camiño de Santiago. Presenta unha estrutura en quince capítulos titulados, que están protagonizados por Galiña, ave que vive pechada na torre máis alta da catedral de San Domingos da Calzada na Ríoxa. Trátase dunha descendente da galiña que o Apóstolo empregou para realizar o milagre de que falara despois de asada. A protagonista coñece un día unha pomba da paz e, insatisfeita co seu destino, toma a decisión de converterse nunha Galiña da Paz. Non obstante, limitada polo feito de que as súas ás non serven para voar, decide marchar en peregrinación onde o milagroso Apóstolo Santiago para que lle conceda o seu desexo. Nun descoido do sancristán e acompañada de Lagarturo, o seu amigo lagarto, inician o Camiño de Santiago, empresa que a enfronta a arriscadas aventuras, nas que ten que superar moitos perigos, como fuxir dos humanos que a atropelan cun coche e queren papala; seguir o camiño correcto despois de equivocarse e rematar nunha escola crendo que é a catedral de Santiago; ou despistar o raposo que lle quita as plumas ao convencela de que logo lle han de nacer outras coas que voar e atopar a Lagarturo, a quen perdera no camiño. Finalmente, ambos chegan o vinte e cinco de xullo a Santiago, grazas á

axuda duns peregrinos franceses, aínda que a galiña está pelada e o lagarto vai sen rabo. No templo compostelán as figuras do Pórtico da Gloria non están moi convencidas de querer axudala, pero Galiña consegue cubrirese de plumas coas que voar logo de pedirlo ao Apóstolo e mediar a Berenguela.

A cuberta a cor e as ilustracións figurativas e impresas a dúas tintas axudan a visualizar os protagonistas e a situar o lectorado nalgúñas das escenas, complementando o texto. Son debuxos de grande expresividade con trazos infantís, divertidos e cómicos. Están realizados en acuarela con gran dominio e soltura. As ilustracións de páxina enteira sitúanse no medio de cada capítulo, mostrando en clave de humor os personaxes e situacións do relato.

## **A ESCRITORA**

**Gloria Sánchez** (Ver p. 23)

## **O ILUSTRADOR**

**Manuel Uhía** (Ver p. 27)



**Título:** *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos*

**Escritores:** Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire

**Ilustrador:** Xan López Domínguez

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Colección:** Merlín, serie verde  
(de 9 anos en adiante)

**Ano de publicación:** 1999

**Núm. pp.:** 91

## A OBRA

Edición exenta desta peza teatral, que fora publicada inicialmente no ano 1995 no volume *Primeiro Concurso de Obras Teatrais Inéditas Camiño de Santiago. Obra de Teatro Escolar e Obra de Teatro de Marionetas ou Monicreques*. Comeza coa presentación dos personaxes principais e unha breve descrición que dá paso á peza dramática en tres actos. Nela ponse en escena a historia da princesiña Socorro e o trobeiro Carolo que, para conseguir a man da princesiña, ten que facer o Camiño de Santiago e traerlle unha cuncha de vieira ao rei. Carolo fai o Camiño xunto co seu can Xián e teñen que enfrontarse ás maldades do demo Corbillón e do ladrón de peregrinos, o Milhomes, das que logran salvarse grazas á axuda do Apóstolo Santiago, San Francisco de Asís, a princesiña Socorro ou a súa ama. Finalmente, os namorados reencóntranse e o Corbillón, que tamén pretendía a princesiña, queda enfasiado. Así que chama polos autores para preguntarlles se hai dereito a que isto lle aconteza e mostra a súa negativa a participar en ningunha outra das súas obras.

As ilustracións, de carácter fantástico e moi estilizadas, caracterizan os personaxes empregando estratexias visuais tales como xogar coa desproporción dos corpos, facendo deles uns seres enormes en relación co pequeno tamaño das cabezas, ou fragmentar persoas e escenas para conferirlles maior expresividade ao relato. No comezo da obra preséntanse todos os per-

sonaxes, tanto a nivel textual coma visual, para seguir mellor a lectura. As ilustracións están debuxadas con liñas limpas e onduladas, o que lles confire un ton amábel, e iluminadas con augadas de cores esvaecidas.

## A ESCRITORA E O ESCRITOR

**Gloria Sánchez** (Ver p. 23)

**Miguel Vázquez Freire** (Corcubión, 1951) estudou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela e na Complutense de Madrid. É profesor de Filosofía no Instituto de Educación Secundaria Eduardo Pondal, de Santiago de Compostela, e colabora como crítico e comentarista de literatura infantil en varias publicacións. Codirector durante algún tempo da colección “Merlín” de Edicións Xerais de Galicia, traduciu ao galego varias obras dirixidas ao público infantil e xuvenil. Como autor para a nenez e mocidade iniciouse con *Proxecto Pomba Dourada* (1987), obra á que seguiron até oito títulos máis, os últimos publicados en 2007 (*María é maior, Contos de Reis e Nadal* e *O neno que tiña medo dos robots/O robot que tiña medo dos nenos*).

## O ILUSTRADOR

**Xan López Domínguez** (Ver pp. 26-27)



**Título:** *Teatro do Patacón. Os pés do vento*

**Escritor:** Xosé Vázquez Pintor

**Editorial:** Edicións Fervenza

**Colección:** A Pinguela. Teatro escolar  
para ler e representar; 61

[Lectorado mozo]

**Ano de publicación:** 2008

**Núm. pp.:** 23

## A OBRA

Volume composto por cinco pezas inéditas baixo o título *Teatro do Patacón*, do que forma parte *Os pés do vento*, obriña teatral escrita en 1991 para o Grupo de Teatro da Terceira Idade “Casa da Bola” de Cangas, agora recollida e publicada nesta colección. Esta obra presenta catro personaxes femininas que se atopan de camiño a Compostela. O seu traxecto e os lances do camiño lévanas a partillar sentimentos e pensamentos. Así, Zaida, Zulema, Xiana e Xisela comparten a peregrinación e a maxia do Camiño cun obxectivo común: chegar á cidade do Apóstolo.

A ilustración de Manuel Frago do na cuberta está feita en branco e negro.

## O ESCRITOR

**Xosé Vázquez Pintor** (Melide, 1946) estudou Ciencias da Educación en Santiago de Compostela. Creador do grupo teatral Acoradoiro, colaborou en publicacións periódicas como *La Voz de Galicia* ou *El Faro de Vigo*. Ademais de títulos dirixidos ao lectorado adulto, publicou dende a súa primeira achega, *A fraga encantada. Teatro para todos* (1987), ao redor de dez obras dirixidas ao lectorado máis novo.



**Título:** *E dixo o corvo...*

**Escritoras/es:** VV. AA.

**Editorial:** Xunta de Galicia/Hospital Xeral de Galicia  
[Mocidade]

**Ano de publicación:** 1997

**Núm. pp.:** 229

## A OBRA

Volume no que se acollen os relatos de trinta e dous autores e autoras galegas escritos con motivo da conmemoración do vinte e cinco aniversario da fusión do Hospital Clínico Universitario e a Sanidade Pública, o que deu lugar ao Hospital Xeral de Galicia.

Entre todos os relatos recollidos, é o de Xerardo D. Estévez Fernández o que se ocupa dunha temática arredor do Camiño de Santiago e leva por título “As pedras e o peregrino” (pp. 85-89). Presenta un narrador en terceira persoa que describe como un vello peregrino chega a Compostela tan canso que senta nun recanto da Praza do Obradoiro e se detén a contemplar extasiado a impresionante fachada barroca da Catedral. Mentres está nesta posición descobre que a Torre das Campás lle chisca un ollo e lle conta que as pedras si falan, pois os arquitectos, canteiros e escultores empréganas como follas dun libro para transmitir o saber de cada tempo. A seguir, é a Torre da Carraca a que intervéñ de xeito máis pesimista, pois considera que no fondo non son máis que pedra sobre pedra para impresionar o Camiñante. Na discusión intervéñ tamén a lousa sobre a que ten os pés o protagonista, que se queixa do fachendosas que son as torres fronte á humildade das pedras do chan. Admirado por tal feito, o peregrino descobre entón

que a estatua de Salomón, que ocupa a balaustrada da escaleira da Catedral, tamén fala para explicar que todas son importantes e que están situadas na Praza da Concordia, definindo a confluencia que se dá neste emprazamento, no que a Catedral representa a gloria da relixión; o Pazo de San Xerome, o triunfo do saber; o Hospital dos Reis Católicos, a paz do enfermo e do viaxeiro; e o Pazo de Raxoi, a administración da vida pública. É testemuña o peregrino da música que interpretan os músicos da cuberta de San Xerome, do valor de eternidade que teñen as pedras fronte á vida efémera dos homes que lle explica San Francisco de Asís ou a intervención da propia Eva da fachada do Hospital. Finalmente, o peregrino descobre que quedara durmido ao espertalo un varredor municipal e, cando cre que foi un bonito soño, o Apóstolo Santiago “chiscoulle un ollo cómplice”, sorriulle e saudándoo díxolle: “As pedras tamén soñan, camiñante”.

## O ESCRITOR

**Xerardo Denis Felipe Estévez Fernández** (Santiago de Compostela, 1948) estudou arquitectura na Escola Técnica Superior de Barcelona e estableceuse na súa cidade natal en 1972. En Compostela formou con outros profesionais o equipo Oikos e mesmo realizou traballos de investigación sobre arquitectura, planeamento e patrimonio. Aínda que é máis coñecido pola súa actividade política (foi deputado no Parlamento de Galicia entre 1981 e 1983, alcalde da súa cidade natal en diferentes ocasións, dende 1983 até a súa retirada da vida política en 1998, e deputado no Congreso dos Deputados entre 1993 e 1996), dende 1999, ano no que se reintegrou á súa práctica profesional, exerce como arquitecto e urbanista, actividade que simultanea coa de conferenciante, escritor e profesor de másteres de urbanismo e patrimonio.

## **2. De camiño a Compostela pola LIX**

### **2.2. Compostela e Xacobeo**





**Título:** *Noia. Porto de Compostela*

**Escritor:** Xosé Agreló Hermo

**Ilustrador:** Xosé Luís Veiras Manteiga

**Editorial:** Toxosoutos

**Colección:** Galicia en cómic; 1

[Lectorado mozo]

**Ano de publicación:** 2002

**Núm. pp.:** 44

## A OBRA

Ábrese este cómic cunha introdución da propia editorial na que se fai referencia ao interese que esta ten mostrado por achegarlle ao lectorado as raíces da historia de Galicia e na que se comenta que *Noia. Porto de Compostela* supón o primeiro volume dun novo proxecto que intenta expoñer o devir histórico das vilas e cidades de Galicia en formato cómic. A principal pretensión é ofrecer este coñecemento por medio dunha linguaxe gráfica e literaria, máis consonte coas preferencias do lectorado agardado neste comezo de milenio. A seguir, dáselle paso á historia da vila de Noia, dende que foi fundada pola bisneta de Noé, Noela, seu irmán e marido, até a guerra civil española, pasando por diferentes períodos históricos como son os da cultura castrexa, o imperio romano, os suevos, normandos, bretóns e berberiscos ou o medievo, no que as peregrinacións a Santiago de Compostela converteron este enclave portuario na entrada daqueles que chegaban das terras do norte e facían o Camiño de Santiago por vía marítima. A seguir, aténdese tamén á época na que xorden os gremios e as revoltas dos Irmandiños, ao neoclasicismo, ao século XIX cos industriais cataláns ou ao século XX, no que se producen importantes renovacións urbanas e un grande auxe cultural.

É de sinalar que, ao longo deste percorrido cronolóxico polas diferentes etapas históricas de Noia, a través das ilustra-

cións en bandas deseñadas e con debuxos en tinta negra e iluminados a acuarela, preséntanse os seus persoeiros máis sobranceiros, as diferentes edificacións que van ir conformando a vila, a organización e desenvolvemento da súa economía ou aquelas institucións ou sociedades de carácter cultural que se foron creando.

## O ESCRITOR

**Xosé Agrelo Hermo** (Santa Cristina de Barro, Noia, A Coruña, 1937-Santiago de Compostela, 2006) estudou no Seminario de Santiago e na Escola de Maxisterio da Coruña. Foi mestre de ensino primario e desenvolveu un importante labor de dinamización cultural. A súa vocación teatral encamiñou unha boa parte dos seus esforzos cara ao teatro escolar e afeccionado, dirixindo nos anos setenta o grupo de teatro popular Candea, que coa obra *Noite de lobos* (1975) é un dos referentes da dramaturxia galega contemporánea. Como narrador gañou o primeiro Premio do IV Concurso de Contos O Facho coa súa obra *O espantapaxaros* (1972) e o II Premio Avilés de Taramancos de Relatos de Aventuras, *ex aequo*, con *Rumbo ao Maluco* (2003), ademais de ser finalista dalgún certame nacional de contos. Ten publicado outros volumes dirixidos á infancia como *Candea 70: tres pezas de teatro* (1989) e *O xogo dramático (de, con, por, para nenos)* (1990).

## O ILUSTRADOR

**Xosé Luís Veiras Manteiga** (Santiago de Compostela, 1949) é un pintor cunha ampla traxectoria profesional desenvolvida, especialmente, en Francia, onde residiu dende 1974 a 2001, vivindo na actualidade na comarca do Barbanza. Ademais da súa carreira como pintor, é ilustrador de obras doutros creadores, ten publicado un cómic, *Folgar de Brigantia. A morte de Ith* (1999), e realizado varias obras con Xosé Agrelo.



**Título:** *Encontro ás agachadas*

**Escritora:** Concha Blanco

**Ilustrador:** David Pintor

**Editorial:** Deputación Provincial de Ourense  
[Lectorado mozo]

**Ano de publicación:** 2009

**Núm. pp.:** 115

**Premios:** VI Premio de Literatura Infantil e Xuvenil  
Pura e Dora Vázquez

## A OBRA

Novela estruturada en vinte e oito capítulos con título nos que se desenvolven as peripecias vividas por unha nena extra-terrestre chamada Kano-3, do planeta Globm, na aldea de Lires. A través da amizade cun terrícola chamado Daniel, Kano-3 coñecerá de primeira man as características do planeta Terra e das súas xentes. Entre as experiencias que comparten os dous amigos está a descuberta duns peregrinos que se dirixen a Santiago de Compostela, polo que Daniel ten que explicarlle quen é Santiago Apóstolo e cal é o motivo de que a xente faga o esforzo de percorrer longas distancias, durante días ou semanas, para chegar ao seu sepulcro. Tamén se fai referencia á Vía Láctea como o Camiño das Estrelas que guiou dende a antigüidade os camiñantes cara a este destino e a utilidade dos albergues de peregrinos, onde a extraterrestre ten a oportunidade de pasar desapercibida e poder observar como chegan uns e marchan outros, pero tamén é vítima dun roubo que a deixa sen comida, poñendo así de manifesto que non todos os que fan o Camiño son de fiar.

As imaxes non achegan información sobre ningún aspecto do Camiño. Algunhas ilustracións redundan visualmente no contido do texto e outras amosan a nena protagonista que é representada como unha extraterrestre cun nariz vermello e orellas en punta.

## A ESCRITORA

**Concha Blanco Blanco** (Lires, Cee, A Coruña, 1950) estudou Maxisterio na Universidade de Santiago de Compostela e exerceu como docente en diferentes localidades próximas á súa terra natal, labor que segue levando a cabo na actualidade. Como pedagoga, foi unha das primeiras autoras de materiais didácticos para o ensino en galego. Como escritora, iniciouse na LIX en 1981 co título *Contos prá escola*, ao que lle seguiron arredor de trinta obras máis, varias delas finalistas e merecedoras dalgún galardón, como é o caso de *¿Andrómenas?* (1989, finalista do Premio O Barco de Vapor 1988), *¡A min que me importa!* (1998, finalista do Premio Lazarillo 1997) ou *Cantos da rula* (2008, Premio Arume da Fundación Xosé Neira Vilas 2007). Tamén escribiu obra para o público adulto.

## O ILUSTRADOR

**David Pintor** (A Coruña, 1975) é ilustrador, humorista gráfico, caricaturista e pintor. En 1993 comezou a traballar co guionista Carlos López asinando, como Pinto&Chinto, colaboracións en moitos medios de comunicación de todo o Estado español, que os converten nunha referencia do humor político na prensa ou en publicacións periódicas como *Golfiño* ou *BD Banda*. Desta colaboración naceu a serie “Tito Longueirón”, que se deu a coñecer nas páxinas da revista *Golfiño* e posteriormente foi editada en álbum en 2005, e outros libros conxuntos pertencentes á LIX como *Suca* (2001), *Aquilino pinta unha nube e un camaleón* (2002), *Historia de Román o bombeiro* (2006) ou *Novas minimaladas* (2008). En solitario, colabora con diferentes editoriais galegas e españolas e as súas ilustracións poden verse en títulos como *Minimaladas* (2007, Premio Merlín 2007) ou *Miña avoa ten 13 anos* (2007), ademais de participar en numerosas exposicións de ámbito nacional e internacional.



**Título:** *Compostela: a historia dunha lenda*

**Escritor e ilustrador:** Pepe Carreiro

**Editorial:** Toxosoutos

**Colección:** Galicia en cómic; 2

[Lectorado mozo]

**Ano de publicación:** 2003

**Núm. pp.:** [42]

## A OBRA

*Compostela: a historia dunha lenda* insírese no proxecto englobado na colección “Galicia en cómic” de Toxosoutos, unha serie que ofrece a historia de diversas localidades galegas relatada co emprego da novena arte. Neste cómic, con capa dura e encadernación cosida en fío, o autor, co asesoramento do historiador Clodio González, fai un percorrido polas datas, os feitos e os personaxes máis salientábeis da historia da cidade de Santiago de Compostela. O período tratado comeza coa suposta descuberta do sepulcro do Apóstolo Santiago e remata no alzamento militar de 1936. Nesta historia, dous estudantes establecen unha dialéctica por mor da preparación dun exame de historia e deste xeito vaise abordando a historia de Compostela, nos cinco capítulos que conforman a estrutura da obra: “O sepulcro”, “O esplendor”, “A revolución”, “A escuridade” e “O rexurdimento”.

As ilustracións en bandas debuxadas con deseños moi diferentes están realizadas con formas planas e bordeadas de liñas negras, que acollen cores moi contrastadas, o que lles confire un carácter de inquietude. Amplían a lectura textual visualizándoa e nesa ampliación chama a atención o tratamento dado á muller por medio da imaxe.

## O ESCRITOR E ILUSTRADOR

**Pepe Carreiro** (Ver p. 40)



**Título:** *A rebelión das rúas*

**Escritores:** Ana Boullón e Pere Tobaruela

**Ilustrador:** Andrés Meixide

**Editorial:** Sotelo Blanco/Consortio de Santiago

**Colección:** Branco de Cores; 3

[Lectorado autónomo]

**Ano de publicación:** 2007

**Núm. pp.:** 27

## A OBRA

Relato fantástico-realista no que, por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes, se dá conta das medidas adoptadas polas rúas de Santiago de Compostela, para que os nativos e visitantes da cidade recoñezan a súa importancia. Cansas de pasaren desapercibidas, de que os cidadáns non se fixen nelas e de que lles modifiquen o nome deciden, apoiadas por Branco de Cores, poñerse en folga. Durante oito días as rúas modifican a súa posición, así a Rúa da Atalaia ocupa o lugar da praza do Obradoiro e Branco de Cores acomódase no tellado do Hostal dos Reis Católicos, antigo Hospital Real onde se atendía os peregrinos, até que novamente se reúnen con Branco de Cores, quen propón convocar toda a xente diante da Catedral para falar da súa rebelión. Así, Branco de Cores, disfrazado de placa de rúa, le un manifesto no que informa de que os nomes das rúas gardan segredos, historias novas ou remotas, contos, etc. que están dispostos a compartir se así o desexan os oíntes. Sábese que a partir dese día a xente mirou as rúas doutro xeito.

O texto acompáñase de ilustracións expresivas e de estilo figurativo, moi achegadas á estética do cómic. Trátase duns debuxos de diversas prazas e rúas da zona histórica de Santiago, elaborados dixitalmente, que complementan e axudan a comprender o texto. Neles é visíbel a presenza de tonalidades frías nun primeiro momento, coincidindo coa parte do relato que transcorre durante a noite, e doutras cálidas, posteriormente, cando chega na narración textual a luz do día. As faccións

dos personaxes son redondeadas e volumétricas e contrastan cos fondos planos e esquemáticos.

## A ESCRITORA E O ESCRITOR

**Ana Isabel Boullón Agrelo** (A Pobra do Caramiñal, A Coruña, 1962) é profesora titular na Universidade de Santiago de Compostela, no Departamento de Filoloxía Galega e especialista en Onomástica, eido no que ten realizado diferentes achegas ao estudo dos nomes galegos, así como a textos galegos medievais. No eido da LIX deu ademais ao prelo, xunto con Pere Tobaruela i Martínez, entre outros títulos, *Viaxes dun can de palleiro* (2008).

**Pere Tobaruela i Martínez** (Barcelona, 1965) é licenciado en Xeografía e Historia. Afincado en Santiago de Compostela, desenvolveu tarefas xornalísticas durante bastante tempo, até que decidiu dedicarse só á súa carreira literaria que durante anos levou a cabo en catalán. No eido da LIX en galego deu ademais ao prelo, entre outros títulos, xunto con Ana Boullón, *Viaxes dun can de palleiro* (2008) e, xunto con Luz Méndez, *Vou-vos papar!* (2008).

## O ILUSTRADOR

**Andrés Meixide** (Vigo, 1970) dedícase dende ben novo ao mundo da ilustración e ten debuxado para diversas editoriais galegas. Entre os seus libros cóntanse *Cando os animais falaban* (2002), *Contos de encantamento* (2002), *O patadón* (2002), *Bacoriño* (2004), *Xan e Pericán* (2004) e *O Raio Veloz* (2006). Achegouse tamén ao mundo do cómic en revistas como *BD Banda* e *Golfinho*, onde creou a serie “Tom” que agora se publica en tiras diarias no xornal *La Voz de Galicia*. Como deseñador, realizou campañas publicitarias para centros comerciais de toda Galicia.



**Título:** *A vaca da Amaia*

**Escritor e ilustrador:** Pepe Carreiro

**Editorial:** A Nosa Terra

**Colección:** Os Bolechas van de viaxe

[Prelectorado]

**Ano de publicación:** 2003

**Núm. pp.:** 27

## A OBRA

Os irmáns Bolechas, Carlos, Loli, Pili, Braulio, Sonia e Tatá, aparecen nesta historia nun punto do Camiño de Santiago, concretamente no val da Mahía, onde visitan a súa curmá Flora. Durante a estada asisten estupefactos aos ataques e persecucións dunha vaca, Linda, a cal busca desesperadamente o seu becerro. A colaboración dos irmáns Bolechas con súa curmá Flora permite atopar o becerro e reunilo con súa nai. As peripecias dos rapaces permítenlle ao lectorado agardado coñecer diferentes lugares emblemáticos desta comarca.

Estes lugares aparecen representados en ilustracións figurativas e coloristas nas que se aprecia, por unha banda, o marcado carácter infantil dos personaxes e, pola outra, o realismo dos espazos nos que se moven. Elas mesmas propoñen unha secuencialización visual e tamén contextualizan e complementan as narracións que acompañan.

## O ESCRITOR E ILUSTRADOR

**Pepe Carreiro** (Ver p. 40)



**Título:** *O Castelo da Rocha Vella. Unha historia con Oca, Federico e Manú*

**Escritor:** Luciano García Alén

**Ilustrador:** Uxía Torres Blanco

**Editorial:** Asociación Cultural Rocha Forte

[Lectorado autónomo]

**Ano de publicación:** 2003

**Núm. pp.:** [20]

---

## A OBRA

Conto que mestura a fantasía con elementos tomados da historia e cunha forte compoñente didáctica. Relátase unha historia ambientada nos tempos nos que Santiago era unha cidade rodeada de murallas e a catedral comezaba a recibir peregrinos. Está protagonizada por Oca, un canciño que guiaba os peregrinos cara á Porta Santa; Federico, o corvo; e Manú, unha toupa. Cóntase que o castelo da Rocha era o máis forte dos que había arredor e tiña unha torre alta que era a residencia de descanso do Arcebispo, unha capela dedicada a Santa Eufemia e unha gaiola con cans feros e adestrados que metían medo ás xentes. Os gardas do castelo cobrábanlles os tributos aos peregrinos que viñan polo camiño de Padrón. Un día dous moinantes intentaron atrapar a Oca e Federico, coñecedor dos accesos ocultos do castelo, quen lle axudou a escapar e a volver entrar na Rocha sen que o visen os gardas. O abuso destes chega a tal extremo que se produce a revolta dos campesiños, coñecida como a revolta Irmandiña, que acaba coa destrución do castelo, convertido nun monte de pedras e rodeado de lendas, que contan que todos os nenos e nenas que nacen na Rocha veñen do castelo, ou que existe unha galería subterránea que vai do castelo ao Pazo do Arcebispo na cidade, e tamén que falan de aparicións fantásticas como a dunha boneca que aparece de cando en vez no lugar. Remata o conto anunciando a próxima construción dun parque natural para que a veciñanza coñeza a historia deste castelo.

Este relato acompáñase de ilustracións a toda cor de estilo infantil, que amosan información sobre monumentos e escenas que se describen no texto, e nelas as figuras dos protagonistas teñen aspecto de bonecos.

## O ESCRITOR

**Luciano García Alén** (Mourete, Pontevedra, 1928) é médico e etnógrafo. Doutorouse pola Universidade de Santiago en Medicina, na que exerceu a docencia en Obstetricia e Xinecología. Ademais de ter publicado abondosos traballos da súa especialidade, García Alén dedicouse tamén ao estudo da etnografía galega, foi membro fundador do Museo do Pobo Galego e publicou algúns volumes sobre a alfarería, a arte popular galega e a cerámica. No terreo da literatura infantil ten achegado tan só este volume.



**Título:** *Rata Linda de Compostela*

**Escritor:** Bernardino Graña

**Ilustrador:** Manuel Uña

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Colección:** Merlín

[Prelectorado]

**Ano de publicación:** 1994

**Núm. pp.:** [62]



**Título:** *Rata Linda de Compostela*

**Escritor:** Bernardino Graña

**Ilustrador:** Manuel Uña

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Colección:** Merlín

[Prelectorado]

**Ano de publicación:** 2009

**Núm. pp.:** [54]

## A OBRA

Conto rimado que vira a luz en 1994 e que foi reeditado en 2009 modificando a ilustración da cuberta, para concederlle un maior protagonismo á Ratiña e ao euro que atopa, fronte á imaxe da Ratiña observándose presumida ante un espello subida a unha cadeira, da súa primeira edición. O texto adáptase á normativa vixente no galego dende o ano 2003 e suprímese o apartado “Cando o autor fala de si”, no que se achegaban datos biográficos e se explicaba que este conto é unha recreación dunha historia clásica na transmisión oral, que el escoitara na voz da súa avoa e madriña e que decidira contalo “en galego e á nosa maneira, achegado a Compostela e con certas variantes...”. A ratiña protagonista vive nun pazo cun pozo no lugar do Monte do Gozo, lugar simbólico do Camiño de Santiago,

onde é veciña do Rato que marchara ao estranxeiro. Un día a protagonista atopa na rúa un peso (un euro, na versión de 2009) que perdera Don Gato e decide mercar un lazo para poñerse máis fermosa. A partir de entón son diferentes os pretendentes que lle propoñen matrimonio, dende o can, pasando polo burro e o grilo, até o gato, co que acepta casar. Porén, unha noite o gato quere rabuñala para que lle devolva a moeda, feito do que se defende convidándoo a que a busque no pozo, onde o empurra e do que non volve saír. Cando chega de volta o Rato, que estaba no estranxeiro, pídelle que case con el e xuntos diríxense á Catedral de Santiago de Compostela, a xeito de peregrinación.

Trátase dun conto clásico adaptado poeticamente e que se complementa coas ilustracións en tons vivos (máis mates e apagados na segunda edición), que salientan a coquetería da Ratiña e nas que destacan os espellos nos que esta se observa a cotío.

## **O ESCRITOR**

**Bernardino Graña** (Ver p. 59)

## **O ILUSTRADOR**

**Manuel Uhía** (Ver p. 27)



**Título:** *Sar, Sarela e os monstros de Compostela*

**Escritor:** Paco López-Barxas

**Ilustrador:** Kiko da Silva

**Editorial:** Kalandraka/Consortio de Santiago

[Lectorado autónomo]

**Ano de publicación:** 2007

**Núm. pp.:** [34]

## A OBRA

Relato editado coa intención de dar a coñecer a historia de Compostela e algúns dos seus lugares máis emblemáticos. Sar e Sarela son dous gatos que viven no tellado dun carrusel que adoita instalarse na Alameda compostelá durante as festas do mes de xullo. Un día deciden baixar do seu tellado e dar unha volta pola cidade, até que quedan durmidos ao pé da Fonte das Praterías. Sarela ten un soño estraño. Os dous gatos percorren a zona vella da cidade fixándose nas gárgolas dos edificios, uns seres de pedra de aspecto terríbel que se atopan nos edificios de San Paio de Antealtares, a igrexa de San Martiño Pinario ou no Hostal dos Reis Católicos, no que explican que antigamente era o Hospital Real, a onde ían os peregrinos tras rematar o Camiño de Santiago para curar as feridas e matar a fame. Nas páxinas finais inclúese unha guía das gárgolas referidas e a súa localización exacta.

Na ilustración da cuberta aparecen os protagonistas do relato coa fachada da catedral ao fondo, o que, xunto ao nome da cidade no título, fai moi evidente a temática que se vai tratar no libro. As gardas fan un xogo visual de pegadas e rabos dos animais configurando un percorrido. Os gatos protagonistas acompañan o lectorado polo percorrido que se fai de Compostela. As composicións do interior son moi variadas e amosan imaxes da cidade dende diferentes puntos de vista e achegan

información visual sobre os monumentos e as rúas onde se atopan as gárgolas. As cores son de gama cálida e destacan os ceos laranxas do atardecer.

## O ESCRITOR

**Paco López Barxas**, nome literario de Francisco López Rodríguez (Ponte Barxas, Ourense, 1952), realizou estudos de Filoloxía Hispánica e Xornalismo. Entre 1971 e 1991 residiu en Madrid, onde comezou a colaborar en diferentes publicacións periódicas, nalgunha das cales mesmo chegou a manter unha sección sobre novidades editoriais galegas. Esta actividade non a abandonaría ao seu regreso a Galicia, onde entre 1992 e 1996 foi Xefe de Prensa do Consorcio de Santiago e, posteriormente, Director de Comunicación de ACK e da Axencia Alternativas, con sede central en Madrid. Traballou na Televisión de Galicia (TVG) como editor e xefe de redacción en temas relacionados co mundo da cultura, traballo polo que mereceu algún premio. Participou en revistas como *Quimera*, *Ínsula* ou *Grial*, entre outras, e actualmente é Director Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, da Consellería de Cultura e Turismo. Como autor de LIX deu ao prelo *O ladrón de paxaros* (2006), *A avoa do nobelo branco* (2009) e *Tom e Mix, os cabalos de Clara* (2009).

## O ILUSTRADOR

**Kiko da Silva**, nome artístico de Francisco Javier da Silva Irago (Vigo, 1979), é licenciado en Belas Artes na especialidade de Pintura. Debuxante, ilustrador e caricaturista ten colaborado en publicacións periódicas como o xornal *La Voz de Galicia* ou a revista *Golfiño* e foi promotor da revista *BD Banda*. A súa obra mereceu diferentes galardóns, entre os que cabe citar o 1º Premio no XII Concurso Galego de Banda Deseñada-Xuventude 1996 e o Premio de Honra no Concurso Interna-

cional de Humor Gráfico do Porto (Porto CARTOON 1999-2000). Na LIX ten ilustrado até dez volumes dende os seus inicios con *Laia, a nena da illa* (1998), de Ánxela Loureiro, e *O cumpreanos do rei Pericón* (1998), de Loli Rial. É tamén o autor de obras como *Moncho e a mancha* (2001), *¿Qué contan as ovellas para durmir?* (2004) e *Fiz nos biosbardos* (2004) e, en colaboración con Miguel Robledo, de *Pole&Cía na cidade do revés* (2003).



**Título:** *Camino perigoso*  
**Escritora:** Ánxela Loureiro  
**Ilustrador:** Juan Carlos Abraldes  
**Editorial:** Xerais de Galicia  
**Colección:** Merlín; 126, serie amarela  
(de 11 anos en diante)  
**Ano de publicación:** 2002  
**Núm. pp.:** 155  
**Premio:** Finalista do Premio Merlín 2002

## A OBRA

Novela de misterio e intriga que se sitúa no medievo. Ao longo de dez capítulos numerados e con título propio, unha rapaza de trece anos chamada Alba narra os duros acontecementos familiares, que provocan a perda da súa inocencia infantil dun modo brusco e prematuro. Seu pai, Xan o Poeta, que guiaba peregrinos a Santiago, estaba vivindo agochado no monte xunto a outros homes, despois de que caeran nunha emboscada cando se dirixían a Pontedemo a falar co Conde de Endrino, porque os campesiños xa non resistían máis os abusos de autoridade e os elevados impostos que esixía; e súa nai fora feita prisioneira pola xente do señor conde. Desesperada ante esta situación, Alba apréndelles a seus irmáns a sobrevivir por eles mesmos e, armada de valor, vístese de mozo para ir na procura dos seus proxenitores, obxectivo que alcanza despois de vivir unha serie de situacións perigosas das que sae vitoriosa. Ao longo da súa peripecia conta coa axuda de persoas como os membros da compañía cómica Rite-rite, de Madalena ou de Marcelino. No derradeiro dos capítulos sábese que toda esta historia está contada por Alba mentres está á espera de Froilán, un rapaz con quen a unían sentimentos afectivos e con quen quedara en verse ao pasar un ano.

Todas as ilustracións son en branco e negro agás a da cuberta, que salienta o título ao amosar imaxes de loita e de lume

a carón da nena protagonista. Os debuxos son de estilo naturalista con moitos detalles no vestiario, nos ambientes, nas estancias e nas rúas. As escenas representan momentos importantes da narración, a través de debuxos de claroscuros e perspectivas para facer máis realista o estilo.

## A ESCRITORA

**Ánxela Loureiro Fernández** (Doniños, Ferrol, 1956) é profesora de Educación Primaria, especializada en Música, terreo no que levou a cabo diferentes actividades e no que mesmo formou parte do grupo folk Saraibas. Interesouse pola recompilación e clasificación de cancións galegas para a nenez, así como pola recuperación de xogos tradicionais dende a escola. Iniciou a súa carreira literaria en galego para a infancia en 1978 coa peza de teatro *¡Olo, hai lurpios na borta!*, que alcanzou o primeiro premio de Teatro Infantil do Ateneo Ferrolán. En narrativa publicou tamén *Viaxe de ida e volta* (1996), *Laia, a nena da illa* (1998) e *Ota quere voar* (2003, I Premio Literario Frei Martín Sarmiento 2005, de 8 a 10 anos).

## O ILUSTRADOR

**Juan Carlos Abraldes Rendo** (Barcelona, 1971) é diplomado en Artes Aplicadas pola Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo de Santiago de Compostela. Caricaturista e autor de cómic fundamentalmente, traballou no campo da publicidade e en medios como a revista *Golfiño*. Colaborador habitual do xornal *La Voz de Galicia*, onde asina unha tira gráfica, fundou con outros artistas o estudo de creación gráfica e cinema de animación Tangaraño. Ténenlle sido concedidos diversos premios de banda deseñada, de caricatura e humor gráfico.



**Título:** *Unha sombra vai polo Camiño*

**Escritor:** Manuel María

**Ilustrador:** Norberto Fernández

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Colección:** Vouche contar un conto

[Lectorado autónomo]

**Año de publicación:** 1991

**Núm. pp.:** [20]

## A OBRA

Volume no que se recollen dous contos situados en sentido inverso: “Unha sombra vai polo Camiño” e “Como desapareceu a Atlántida e apareceron os lagartos”, acompañados dunha casete na que o autor le os textos. De marcado carácter didáctico e fonda pegada das lendas da transmisión oral, o primeiro relato sitúase na época de Herodes e desenvólvese nunha pousada preto de Palas de Rei. A este lugar chega un estraño peregrino que se dirixe a Fisterra, lugar ao que acudían antes da descuberta do sepulcro do Apóstolo a adorar o Ara Solis, un gran templo dedicado ao Sol, por crer que cada noite se afogaba no océano. O narrador explica que esta peregrinación primitiva derivou posteriormente nos chamados “Camiños de Santiago”, que levan por terra e ceo a través da Vía Láctea até o sepulcro do Apóstolo. A peripecia que se narra ten como protagonista un mozo xudeu que pasa a noite na pousada e que, despois de converter coa música da súa frauta un cabelo de muller en serpe, explícalles aos aterrorizados pousadeiros que vai a Fisterra por mandado de El Rei Herodes para anunciar a Degolación dos Santos Inocentes, feito que deu lugar á conmemoración dunha festividade de fonda tradición popular e cristiá en Galicia.

Este relato complementábase con ilustracións figurativas que describen de forma moi realista os escenarios nos que se de-

senvolven as aventuras narradas no texto. Emprégase un estilo moi naturalista e préstase atención aos detalles dos interiores, do vestiario, dos enseres, etc. para completar con imaxes o relato.

## O ESCRITOR

**Manuel María** (nome literario de Manuel María Fernández Teixeira, Outeiro de Rei, Lugo, 1929-A Coruña, 2004) foi poeta, dramaturgo, narrador e ensaísta cunha prolífica obra dirixida tanto ao lectorado adulto coma infantil e xuvenil, pola que recibiu numerosos premios. As súas primeiras obras dirixidas á infancia foron a peza teatral *Barriga verde: farsa pra bonecos* (1968, 1996) e o poemario *Os sonhos na gaiola: versos para nenos* (1968), ás que seguiron oito títulos até *O bigote de Mimi* (2003).

## O ILUSTRADOR

**Norberto Fernández** (Pontevedra, 1967) é autor de historietas de formación autodidacta que se dedica profesionalmente ao cómic, despois de abandonar a finais dos noventa o seu traballo como empregado nun banco. Publicou en *El víbora* regularmente, na cabeceira *Eros Cómic* e en *Golfiño*, revista na que deu a lume a serie “O Castelo Regadeira”, que en 2007 publicou en formato libro nun volume recompilatorio. Tamén ilustrou *A noite dos coroides* (1993), de Fina Casalderrey, e *Unha odisea nórdica* (1995), de Jack London.



**Título:** *A noite da raíña Berenguela*

**Escritor:** Xosé A. Neira Cruz

**Ilustrador:** Kiko da Silva

**Editorial:** Planeta&Oxford

**Colección:** Camaleón, serie verde

(a partir de 10 anos)

**Ano de publicación:** 2005

**Núm. pp.:** 112

**Premio:** Lazarillo 2004

## A OBRA

Farsa teatral que acolle unha lenda compostelá sobre a raíña Berenguela, que se di que pasea por Santiago na noite do 24 de xullo compartindo a súa beleza cos camiñantes cos que bate. Dedicada a Aicha, porque lle “axudou a soñar esta obra”, arrinca con “Sobre lendas e historia”, onde o autor recolle a “vella tradición” na que se basea a súa peza e achega datos históricos sobre a raíña Berenguela. En “Sobre a farsa que segue” precisa que o seu texto non respecta fielmente o feito histórico nin a lenda, xa que utiliza a fantasía e o soño. En “Sobre os personaxes” achega breves retratos dos doce personaxes que interveñen. A peza estrutúrase en tres actos e un entreacto, situado entre o acto II e o acto III, encabezados por un acto prólogo e rematados por un acto epílogo. A través da conversa do Vello das Pombas cunha nena de nove anos tímida e solitaria chamada Comba, preséntase no “Acto prólogo” a lenda compostelá, ao tempo que un grupo de nenos e nenas xogan e cantan burlándose da tolemia que sufría a raíña Berenguela e insultan o Vello por defendela. Nos tres actos e o entreacto reflíctese a vida da raíña Berenguela en palacio: a súa gran soidade; o seu matrimonio cun rei comechón que non entende os seus desacougos; as cartas de amor que recibe do Xograr Reinaldos; a súa amizade con Frei Odranoel, o insólito inventor de enxeños; as intrigas do manipulador Xelmírez; e a

súa morte, coa que consegue a liberdade e a felicidade que se lle negou en vida. No “Acto epílogo”, O Vello das Pombas remata de narrar a historia da raíña Berenguela.

A peza complétase con imaxes da Catedral de Compostela e ilustracións figurativas en branco e negro que representan os personaxes máis importantes da historia dramatizada. A técnica de debuxo empregada amosa contrastes de luces e sombras nunhas composicións onde o predominio das liñas curvas dinamiza as ilustracións.

## **O ESCRITOR**

**Xosé A. Neira Cruz** (Ver p. 26)

## **O ILUSTRADOR**

**Kiko da Silva** (Ver pp. 106-107)



**Título:** *Olga e o dinosauro*

**Escritor:** Breogán Riveiro

**Ilustrador:** Andrés Meixide

**Editorial:** Galaxia

**Colección:** Árbore/Galaxia; 168, serie azul

(a partir dos 10 anos)

**Ano de publicación:** 2009

**Núm. pp.:** 168

## A OBRA

Narración humorística na que unha voz onisciente conta o que aconteceu cando un dinosauro pequeno apareceu de súpeto no cuarto de Olga, unha nena que espertou soa na súa casa porque súa nai estaba no traballo. O dinosauro perdeuse no seu camiño a unha festa familiar e debe atopar a porta correcta para regresar ao seu universo. Olga, ao primeiro, fica sen palabras, pois non dá creto ao que ve, mais axiña supera o medo inicial e comparte co visitante conversa, almorzo e busca da porta correcta, o cal dá lugar a divertidos diálogos e a unha curiosa aventura. A relación con Compostela e coa Catedral aparece no desenlace. O dinosauro descobre, mirando unha reportaxe na televisión e tras as explicacións de Olga, que a porta pola que debe atravesar está no Pórtico da Gloria. Unha vez alí, os croques á estatua do Mestre Mateo provocan un intenso tremor que non é percibido por ningún dos turistas que ategan a praza.

Na ilustración da cuberta aparecen os protagonistas, a nena e o dinosauro voando nun sofá, o que sitúa o lectorado diante dunha historia fantástica. As imaxes céntranse na participación dos protagonistas en escenas importantes do relato e cara ao final da historia aparecen imaxes realistas de Compostela.

## O ESCRITOR

**Breogán Riveiro Vázquez** (Montevideo, 1967) abandonou os estudos de Náutica para se dedicar ao mundo audiovisual, onde exerce na actualidade como realizador e guionista. Como escritor, no ámbito da literatura para adultos, alcanzou o Premio Cidade fantástica da Coruña, a Curuxa Literaria do Museo do Humor de Fene e foi finalista do Primeiro Premio de Relato por Entregas de *La Voz de Galicia*. Á LIX pertencen *Tonecho de Rebordechao* (2005, Premio Raíña Lupa 2004), *A historia máis increíble que nunca liches* (2007, IV Premio Pura e Dora Vázquez 2006) e mais o texto para monicreques *O afundimento do Tiránic* (2007, IV Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques na modalidade infantil 2006).

## O ILUSTRADOR

**Andrés Meixide** (Ver p. 99)



**Título:** *Unha vaca marela en Compostela*

**Escritores:** Pere Tobaruela e Ana Boullón

**Ilustrador:** Andrés Meixide

**Editorial:** Sotelo Blanco Edicións/Consortio de Santiago

**Colección:** Branco de cores; 5

[Lectorado autónomo]

**Ano de publicación:** 2008

**Núm. pp.:** 29



**Título:** *¿Unha pantasma na cidade?*

**Escritores:** Pere Tobaruela e Ana Boullón

**Ilustrador:** Andrés Meixide

**Editorial:** Sotelo Blanco Edicións/Consortio de Santiago

**Colección:** Branco de cores; 6

[Lectorado autónomo]

**Ano de publicación:** 2008

**Núm. pp.:** 29



**Título:** *Peregrino na sombra*

**Escritores:** Pere Tobaruela e Ana Boullón

**Ilustrador:** Andrés Meixide

**Editorial:** Sotelo Blanco Edicións/Consortio de Santiago

**Colección:** Branco de cores; 8

[Lectorado autónomo]

**Ano de publicación:** 2009

**Núm. pp.:** 27

## A OBRA

A colección na que se insiren as tres obras desta serie literaria naceu coa intención de fomentar o coñecemento da historia da cidade de Santiago de Compostela.

En *¿Unha pantasma na cidade?* interveñen, ademais do cabalo protagonista, o seu amigo Manolo, guía turístico, e unha misteriosa pantasma, culpábel de asustar a canto visitante da zona monumental de Compostela se cruza con ela. Tras descifrar as pistas deixadas en forma de letras desordenadas, Branco de

Cores e Manolo deducen que se trata da pantasma do edificio Castromil, situado na praza de Galicia. Finalmente, revélalles que a súa única intención era concienciar a xente sobre a importancia de conservar o patrimonio.

*Unha vaca marela en Compostela* está protagonizada, como o resto de volumes da serie, polo cabaliño Branco de Cores, quen atopa a vaca Gallarda extraviada na Alameda. Conmovido polas ansias que ten o animal de coñecer a cidade, decide actuar de guía nunha rápida visita polas principais prazas de Santiago: o Toural, onde se organizaba un mercado de gando; Mazarelos, lugar de venda de viños, verduras e cereais; Praterías, tamén coñecida como Praza dos Ourives; o Obradoiro, lugar de traballo dos artesáns da pedra, artífices da catedral; a do Paraíso, antigamente final do Camiño de Santiago, que agora está dividida na praza da Inmaculada e na da Acibechería; a Quintana, de Vivos e de Mortos, ou Praza dos Literarios; e, por último, a de Cervantes, anterior sede do concello e posteriormente mercado principal da cidade.

En *Peregrino na sombra* a historia arrinca en xaneiro de 2010, tras a volta das vacacións do Nadal dos rapaces ao colexio. Branco de Cores é convidado pola profesora Belén a que acuda ao colexio das Orfas a lle explicar ao seu alumnado a historia do Ano Santo, xa que estes deben facer un traballo. Cóntalles dende cando se celebra e cada cantos anos, ademais de en que consiste gañar o Xubileu. Ao día seguinte, Branco de Cores acompaña o alumnado a visitar a praza da Quintana, entrar pola Porta Santa, coñecer a historia do Botafumeiro, baixar á cripta do Apóstolo e abandonar a catedral pola porta de Praterías, antes de regresar ao colexio. Pola tarde, Branco de Cores coincide cos alumnos Xela e Lois na praza da Quintana mentres eles están a debuxar a fachada da catedral. Nese momento, aparécelles a figura de Don Gaiferos quen lles conta que el fora duque de Aquitania, que peregrinara a Compostela e que, grazas ao milagre do Apóstolo, conseguiu chegar á cidade. A historia conclúe ao día seguinte co recitado de Lois dos derradeiros versos do *Romance de don Gaiferos*, tras expor o seu traballo na aula.

As ilustracións amosan unha gran variedade cromática, con cores cálidas e vivas. Dende a cuberta xa se presentan os personaxes do relato, que teñen faccións redondeadas e volumétricas, en contraste cos fondos planos e esquemáticos. O ilustrador emprega en todas as imaxes dous planos. Nun primeiro plano sempre aparecen os personaxes ou obxectos sobre os que recae a acción, con cores máis saturadas e trazos negros, para focalizar a atención do espectador. Nun segundo plano, con tintas máis difuminadas, suaves e con trazos de cores neutras coma o gris aparecen os diferentes espazos onde transcorre a historia, deste xeito pódense recoñecer lugares emblemáticos de Santiago de Compostela.

## **OS ESCRITORES**

**Pere Tobaruela i Martínez** (Ver p. 99)

**Ana Isabel Boullón Agrelo** (Ver p. 99)

## **O ILUSTRADOR**

**Andrés Meixide** (Ver p. 99)



**Título:** *Primeiro Concurso de Obras Teatrais Inéditas Camiño de Santiago. Obra de Teatro Escolar e Obra de Teatro de Marionetas ou Monicreques*

**Escritoras/es:** VV. AA.

**Editorial:** Xunta de Galicia/Hércules de Ediciones

**Colección:** Sempre no camiño; 7

[Mocidade]

**Ano de publicación:** 1995

**Núm. pp.:** 278

## A OBRA

Volume que recolle as obras premiadas no Primeiro Concurso de Obras Teatrais Inéditas, que deu a coñecer o seu di-tame en marzo de 1993, nos apartados B e C, categorías de Teatro para Escolares e Teatro de Monicreques ou Marionetas. Contén o primeiro premio, o accésit e o finalista de ambos os apartados. Todas as obras, segundo as bases do concurso, tentan explicar a orixe do Camiño de Santiago, empregando elementos como os símbolos e as lendas do dragón, a orixe de Compostela, as estrelas, os peregrinos e os romeiros.

*Nocturno de Dragón*, de Lola González e Bruno Bernardo, primeiro premio de teatro escolar, presenta aspectos da lenda da chegada do corpo sen vida do Apóstolo Santiago á corte da raíña Lupa.

*A verdadeira historia do sangue peregrino de Terman*, de Anxo González, accésit nese mesmo apartado, preséntase como peza inspirada nun texto de Álvaro Cunqueiro, e constitúe, grazas á intervención de Merlín, un recordo de todos os peregrinos que percorreron o Camiño de Santiago, deixando nel o seu sangue.

No apartado C, teatro de marionetas ou monicreques, a obra vencedora foi *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos*, de Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire, que xa foi descrita no subapartado anterior por ter unha edición exenta.

O accésit correspondeu a *A vía fantástica*, de Lola González, un xogo estético e fantástico que introduce no Camiño elementos de luz e son, e personaxes tamén fantásticos, como a fada Melusina, o xigante Milhomes, os cabaleiros e o escudeiro Florisel.

A obra finalista foi *Un dragón no camiño*, de Antón Cortizas Amado, que mestura os monicreques coas sombras chinesas, e o recurso da historia dentro doutra historia.

## OS ESCRITORES E AS ESCRITORAS

**Lola González** é o nome literario de Dolores González Lorenzo (Celanova, Ourense, 1942). Estudou Dereito e Filosofía e Letras e exerceu como docente de lingua e literatura española nun instituto. Despois de varias achegas á LIX galega, entre as que se atopan *Os Mornias* (1993, Premio Merlín 1992) e *Conxurados* (1995, accésit no Premio O Barco de Vapor 1993), deu a lume varias obras en castelán, entre as que se atopa *Brumas de octubre* (1995, Premio Gran Angular 1994), que asinou co pseudónimo Lola Gándara. Tamén fixo algunha achega á literatura institucionalizada ou de adultos.

**Bruno Bernardo González** (Ourense) é tamén o autor de *Anéldos* (1984).

**Gloria Sánchez** (Ver p. 23)

**Miguel Vázquez Freire** (Ver p. 87)

**Antón Cortizas Amado** (Ferrol, 1954) é un mestre que se achegou por vez primeira á LIX en galego en 1989 con *Memoorias dun río*, obra á que lle seguiron máis de vinte e cinco títulos até o ano 2009, no que publicou *Contín Contón*. As súas obras galardoadas foron *O conto dos sete medos* (1992, Premio O Barco de Vapor 1991), *Os gritos das illas Loberías* (1996, Premio O Barco de Vapor 1995) e *A merla de trapo* (2001, Premio Merlín de Literatura infantil 2001).



**Título:** *Sansón Trolleyro*  
**Escritor:** Enrique Vázquez Pita  
**Editorial:** Xerais  
**Colección:** Fóra de Xogo; 121  
[Lectorado mozo]  
**Ano de publicación:** 2009  
**Núm. pp.:** 299

## A OBRA

Novela histórica ambientada na cidade de Santiago de Compostela no século XVII e protagonizada por Sansón Trolleyro Soliño, fidalgo do condado de Gondomar alcumado “estudante de pan e sardiña” pola súa falta de recursos económicos. A historia está estruturada en tres partes: a primeira céntrase na chegada e primeiras vivencias do mozo como estudante de Medicina na universidade compostelá; a segunda nas experiencias durante as prácticas no Hospital Real nunha época golpeada pola peste, epidemia atribuída á chegada dos peregrinos do Camiño; e a terceira na descuberta da súa outra identidade. Na trama da primeira parte participan personaxes secundarios a través dos que se describe a época medieval en Galicia, dominada pola Igrexa católica e polo seu brazo executor, a Santa Inquisición. Frei Xudas Castiñeiras, monxe dominico, examina a Sansón en calidade de aspirante a universitario e axiña desconfía del por mor dunha antepasada misteriosa que identifica como María Soliño, mais abstense de actuar na súa contra pola protección manifesta do bispado de Tui e dos condes de Gondomar sobre o rapaz. O fillo dos condes, don Baltasar, é un nobre practicante do *carpe diem* e mullereiro para quen traballa como paxe e con quen comparte as escenas máis rocambolescas e humorísticas da novela, propias das po-

pulares comedias de capa e espada. Xa na segunda parte, moito máis curta cá primeira, afóndase no misterioso pasado de Sansón en relación coa súa bisavoa, María Soliño, que perturba os seus soños. Por último, dáse conta do período de prácticas na Real Audiencia durante os seguintes dous anos, salferidos con novas confrontacións cos seus colegas de profesión, máis conservadores. A seguir, parte a Salamanca e na súa Universidade obtén a licenciatura para despois poñer rumbo a Cádiz, onde traballa como asistente do doutor Ruíz, dono dun revolucionario aparello, o microscopio, que acabará nas súas mans. Finalmente, o antigo “estudante de pan e sardiña” convértese nun adineirado cabaleiro grazas aos negocios do seu señor cos holandeses nas Américas.

## O ESCRITOR

**Enrique Vázquez Pita** (A Coruña, 1970) é xornalista. Publicou dous cómics, *Forza Dépor* (1992) e *Eurodepor* (1993) e unha novela histórica, *O ouro de Agrícola* (2004), antes de escribir esta obra finalista do I Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil no ano 2006.



**Título:** *O trasno da catedral de Santiago*

**Escritora:** Luisa Villar Liébana

**Ilustrador:** Kiko da Silva

**Tradutora:** Ánxela Gracián

**Editorial:** Tambre

**Colección:** Ala Delta; 1, serie verde  
(a partir de 10 anos)

**Ano de publicación:** 2003

**Núm. pp.:** 92

## A OBRA

Novela fantástico-realista narrada en primeira persoa por Bartolo, un traballador administrativo pouco satisfeito consigo mesmo, pero que, a raíz do seu encontro cun ancián moribundo na rúa, vive unha das aventuras máis emocionantes da súa vida, pois este faille prometer que irá á catedral de Santiago de Compostela na procura dun trasno de luz para entregarlle unha carta. Bartolo séntese obrigado a cumprir a promesa e diríxese a Santiago, onde descobre a cidade nas súas rúas, xentes e cantinas da zona antiga, o mesmo escenario no que o trasno ao que vai buscar vivira había moitos anos. É Bartolo o que, a través dos papeis do moribundo, relata as peripecias do trasno protagonista e como chegou á catedral dende unha canteira do Porriño, na que estaban a extraer a pedra coa que se construíu o edificio, ou como lle transmite a súa maxia ao Mestre Mateo mentres esculpe o Pórtico da Gloria. O encontro final será transcendente non só para o ancián que pedira axuda, senón tamén para o emisario, que ve mudada a súa vida e cumpridos algúns dos seus desexos máis fondos.

As ilustracións en branco e negro ocupan toda a páxina. Están moi traballadas realizadas sobre madeira. Nalgúns casos engádenselles outros elementos, como follas, encaixes ou cartolinas, e noutros escárvase a madeira cunha gubia. As formas

referentes á cidade están tratadas con realismo e a creación faise máis libre e estilizada cando se trata dos personaxes de ficción do relato.

## **A ESCRITORA**

**Luísa Villar Liébana** (Torredonximeno, Xaén, 1950) reside dende hai anos en Madrid, onde se licenciou en Filoloxía Hispánica. Realizou diversos traballos para a administración pública e, interesada nos temas relacionados coa animación á lectura, colaborou con distintas institucións neste terreo. Na actualidade dedícase por completo á escrita. Ten publicados máis de trinta libros, dos cales só está traducido ao galego este volume.

## **O ILUSTRADOR**

**Kiko da Silva** (Ver pp. 106-107)

### 3. Fichas bibliográficas doutras literaturas

Sen ánimo de exhaustividade ofrécese, da man dos membros dos distintos ámbitos lingüísticos do marco ibérico que conforman a Rede temática de investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI)/“As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIXMI)([www.usc.es/lijmi](http://www.usc.es/lijmi)), estas mostras que poden ser do interese dos mediadores e lectorado aos que se dirixe este *Itinerario de Lecturas*.

#### En castelán

- Andrade Cernadas**, José M. (2009), *Alfonso II el Casto*, ilust. Jaime Asensi, Vigo/Santiago de Compostela: Editorial Nigra Trea/Consortio de Santiago, col. Historias de Santiago, n.º 5, [lectorado mozo], 102 pp. (ISBN: 978-84-95364-93-7).
- Figuerola**, Mercedes (2006), *Santiago de Compostela*, ilust. Juan Ramón Alonso, León: Editorial Everest, col. El ratón viajero, [16] pp. (ISBN: 978-84-241-0559-1).
- González**, Marta (2008), *La emperatriz Berenguela*, ilust. Jaime Asensi, Vigo/Santiago de Compostela: Editorial Nigra Trea/Consortio de Santiago, col. Historias de Santiago, n.º 4, [lectorado mozo], 104 pp. (ISBN: 978-84-95364-77-7).
- López Iglesias**, Francisco (2007), *El maestro Mateo*, ilust. Jaime Asensi, Vigo/Santiago de Compostela: Editorial Nigra Trea/Consortio de Santiago, col. Juvenil. Historias de Santiago, n.º 1, 108 pp. (ISBN: 978-84-95364-64-7).
- Martínez Menchen**, Antonio (1993), *La espada y la rosa*, Premio CCEI 1994, Madrid: Alfaguara, serie roja, a partir de 14 años, 136 pp. (ISBN: 978-84-204-4759-9).
- Mirande**, Jacqueline (1998), *Doble asesinato en la abadía*, Madrid: SM, col. Navegante misterio, n.º 8, [lectorado mozo], 128 pp. (ISBN: 978-84-348-6781-9).
- Montaña**, Estro (2007), *Diego Gelmírez. Báculo de gloria en Compostela*, ilust. Jaime Asensi, Vigo/Santiago de Compostela: Editorial Nigra Trea/Consortio de Santiago, col. Juvenil. Historias de Santiago, n.º 2, 96 pp. (ISBN: 978-84-95364-65-4).
- Montaña**, Estro (2008), *Doña Urraca*, ilust. Jaime Asensi, Vigo/Santiago de Compostela: Edicións Nigra

Trea/Consortio de Santiago, col. Historias de Santiago, n.º 3, [lectorado mozo], 79 pp. (ISBN: 978-84-95364-76-0).

**Perera Sarmiento**, Antonio (2003), *El peregrino de Santiago*, ilust. Antonio Perera, idea basada en el Libro V del *Codex Calixtinus* de Aymeric Picaud, Madrid: Témpora, 64 pp. (ISBN: 84-95906-73-2).

**Sánchez Sánchez**, Xosé M. (2009), *Santiago, el Hijo del Trueno*, ilust. Jaime Asensi, Vigo/Santiago de Compostela: Editorial Nigra Trea/Consortio de Santiago, col. Historias de Santiago, n.º 6, [lectorado mozo], 104 pp. (ISBN: 978-84-95364-92-0).

**Schimel**, Lawrence (2004), *La golondrina peregrina*, ilust. Sara Rojo, Madrid: Aldeasa, serie amarilla, de 6 a 9 años, 32 pp. (ISBN: 978-84-8003-907-9).

### En catalán

**Ribera-Mariné**, Ramón (1997), *A peu... pel camí de Sant Jaume, des de Montserrat. Notes d'un pelegrí solitari*, Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 152 pp. (ISBN: 978-84-7826-803-0).

### En éuscaro

**Aristi**, Pako (2009), *Elurte bateko ipuinak* [Contos dunha nevada], Donostia: Erein, 92 pp. (ISBN: 978-84-9746-483-3).

**Aristi**, Pako (2007), *Miren nunca mais!* [Miren nunca mais!], ilust. Eider Eibar Zugazabeitia, Donostia: Elkar, col. Xaguxar, n.º 154, 132 pp. (ISBN: 978-84-9783-534-3).

**Igerabide**, Juan Kruz (2009), *Antso Lizarra* [Antso Lizarra], Bilbo: Aizkorri, col. Topaleku, 168 pp. (ISBN: 978-84-8263-421-0).

**Iturralde**, Joxemari (2007), *Santiago Bidean* [No Camiño de Santiago], Bilbo: Ibaizabal, 272 pp. (ISBN: 978-84-8394-075-4).

### En portugués

**Gil**, Renata (2004), *Férias na Galiza*, Lisboa: Roma, col. Casa jovem, 121 pp. (ISBN: 972-8490-42-9).

### 3. Fichas bibliográficas doutras literaturas

- Letria**, José Jorge (1996), *Mão-cheia de rimas para primos e primas*, Lisboa: Terramar, p. 27 (ISBN: 972-710-146-1).
- Mésseder**, João Pedro e Isabel **Ramalhete** (2009), “História de Caio Carpo”, in *Contos e Lendas de Portugal e do Mundo*, ilust. Fátima Afonso, Porto: Porto Editora, pp. 48-50. (ISBN: 978-972-0-71670-5).
- Saldanha**, Ana (1995), *A Caminho de Santiago*, ilust. Fernando Oliveira, Porto: Campo das Letras, col. Vamos viajar, n.º 3 (ISBN: 972-8146-53-1).
- Saldanha**, Ana (2009), *Para Maiores de Dezasseis*, Lisboa: Caminho, col. Livros do dia e da noite, 211 pp. (ISBN: 978-972-21-2055-5).



## 4. Referencias bibliográficas

- Agra Pardiñas**, M<sup>a</sup> Jesús e Blanca-Ana **Roig Rechou** (coords., 2004), *A memoria das guerras na Literatura infantil e xuvenil en lingua galega*, Vigo/Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia/GALIX.
- Fernández Paz**, Agustín (1989), *Os libros infantís galegos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Consellería de Educación e Cultura.
- (1999), *A literatura infantil e xuvenil en galego*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, n.º 13, serie claves.
- Martín Garzo**, Gustavo (2004), “A vueltas con los cuentos”, *El País*, “Babelia”, 18 decembro 2004.
- Lluch**, Gemma e Blanca-Ana **Roig Rechou** (coords., 2005), *Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico*, Monográfico do *Boletín Galego de Literatura*, n.º 32, 2º semestre 2004, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, pp. 141-167.
- Roig Rechou**, Blanca-Ana (1996), *A Literatura Galega Infantil. Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade*, teses en microficha da Universidade de Santiago de Compostela, n.º 578, Servicio de Publicacións e intercambio científico.
- (2002), “La literatura infantil y juvenil en Galicia”/“A literatura infantil e xuvenil en Galicia”, cap. 8, en Darío Villanueva Prieto e Anxo Tarrío Varela (coords.), *La Literatura desde 1936 hasta principios del siglo XXI: Narrativa y traducción/A literatura dende 1936 ata principios do século XXI: Narrativa e tradución*, A Coruña: Hércules Ediciones, Tomo XXXIV, pp. 382-501.
- (2008), *La literatura infantil y juvenil gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/A literatura infantil e xuvenil galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*, Madrid/Santiago de Compostela: Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil/Xunta de Galicia.
- (coord., 1996-2009), *Informe de literatura 1995-2008*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. CD-ROM e [www.cirp.es](http://www.cirp.es) (apartado recursos).



## 5. Índices

### Escritores/as galegos/as

- Agrelo Hermo, Xosé 9, **93, 94**  
 Aleixandre, Marilar 9, 10, **20, 22, 28**, 31, 34  
 Alfaya, An 10, **28**, 29, **32**, 81  
 Babarro, Xoán 9, 10, 20, 21, **24-25, 28**, 29, 30, 33, 34, 57  
 Bernardo, Bruno 119, **120**  
 Blanco, Concha 10, 36, **95, 96**  
 Boullón, Ana 10, **98, 99, 116**, 118  
 Cabana, Darío Xohán 8, **35, 36**  
 Candedo Gunturiz, María Dolores **82-83**  
 Carballeira, Paula 10, **28**, 31, **33**  
 Carballude, Pepe 9, **37, 38**, 49  
 Carreiro, Pepe 9, 10, **39**, 40, **98**, 100  
 Casalderrey, Fina 9, 10, **20, 23, 29**, 32, **41**, 57, 59, 68, 111  
 Cortizas Amado, Antón **120**  
 Docampo, Xabier P. 9, **20**, 21, **24**, 45  
 Estévez Fernández, Xerardo D. 89, **90**  
 Fernández, Ana María 10, 25, **28**, 30, **32-33**, 57  
 Fernández Lorenzo, Rafael 9, **46, 47**  
 Fernández Naval, Francisco 9, **48, 49**  
 Fernández Paz, Agustín 9, 10, 11, 20, 21, **25-26**, 27, **28**, 31, **50**, 51, **52**, 53, 129  
 Freire, Carlos 10, **54, 55**  
 García Alén, Luciano 9, **101, 102**  
 García Teijeiro, Antonio 9, 10, **20-21, 23-24**, **28**, 30, 33, 45  
 García Vilariño, Rosa 8, **56, 57**  
 González, Anxo 119  
 González, Lola 119, **120**  
 Graña, Bernardino 8, 9, 10, **58, 59, 60**, 61, 78, **103**, 104  
 Iglesias de Souza, Luis 8, **62, 63**  
 Kukas, 8, **64, 65**  
 López-Barxas, Paco 10, **105, 106**  
 Lorenzo Lourido, Xoán Xosé **82, 83**  
 Loureiro, Ánxela 9, 107, **108, 109**  
 Loureiro, Ramón 10, **69, 70**  
 Manuel María, 8, **110, 111**  
 Marcos, Primitivo 9, 10, **71, 72-73**  
 Martín, Paco 8, 9, **20**, 21, **25, 28**, 29, 31  
 Negreira Blanco, Xesús 10, **76, 77**  
 Neira Cruz, Xosé A. 9, 10, **20, 22, 26**, 68, **78, 79, 112**, 113  
 Reigosa, Antonio 9, **80, 81**  
 Riveiro, Breogán 10, **114, 115**  
 Sánchez, Gloria 9, 10, 20, **23, 28**, 31, 34, **84**, 85, 86, 87, 119, 120

Tobaruela, Pere 10, **98, 99, 116**, 118  
Vázquez Freire, Miguel 9, **86, 87**, 119, 120  
Vázquez Pintor, Xosé 10, **88**  
Vázquez Pita, Enrique 10, **121, 122**  
Vicente Álvarez, Rosa María **82, 83**  
Villar Janeiro, Helena 10, 27, **28, 30, 33**

### **Escritores/as traducidos/as**

Aguirre Bellver, Joaquín 8, **17, 18-19**  
Coelho, Paulo 9, **42, 43**  
Farias, Juan 9, **44, 45**  
López Narváez, Concha 8, 10, **66, 67**  
Moure, Gonzalo 9, **74, 75**  
Villar Liébana, Luisa 9, **123, 124**

### **Títulos galegos**

*Aventura no Camiño de Santiago: a familia* 9, **71**  
*Aventura no Camiño de Santiago: a meniña* 9, **71**  
*Aventura no Camiño de Santiago: o cabaleiro* 9, **71**  
*Aventura no Camiño de Santiago. Libro 1* 10, **71**  
*Boca do inferno, A* 10, **54**  
*Camiño á fin do mundo* 10, **82**  
*Camiño perigoso* 9, **108**  
*Cantigas de Santa María* 9, **60**  
*Castelo da Rocha Vella. Unha historia con Oca, Federico e Maní*, O 9, **101**  
*Compostela: a historia dunha lenda* 9, **98**  
*Cristo e San Pedro, peregrinos. Contos populares de Galicia* 8, **58**  
*De como o Santo dos Croques se fai peregrino* 9, **37**  
*Don Gaiferos* 8, **64**  
*E dixo o corvo...* 9, **89**  
*Encontro ás agachadas* 10, **95**  
*Flores do meu amigo, As* 9, **46**  
*Galiña da Paz, A* 9, **84**  
*Historias do vello camiñante, As* 8, **62**  
*Imos xuntos camiñar* 9, **20, 50, 84**  
*Líñas de nácar* 9, **41**  
*Milagre das estrelas (Aventuras do mago Antón no Camiño de Santiago)*, O 8, **35**  
*Milagres de Santiago, Os* 8, **56**  
*Noia. Porto de Compostela* 9, **93**  
*Noite da raína Berenguela, A* 10, **112**  
*Olga e o dinosauro* 10, **114**  
*Postais do Camiño* 10, **28, 25**  
*Peregrino en Melide, Un* 10, **39**  
*Peregrino na sombra* 10, **116**  
*Primeiro Concurso de Obras Teatrais Inéditas Camiño de Santiago. Obra de Teatro*

- Escolar e Obra de Teatro de Marionetas ou Monicreques* 9, 91, **119**  
*Princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos, A* 9, **86**  
*Príncipes de Bretaña, Estrelas de Compostela* 10, **69**  
*Rata Linda de Compostela* 8, 10, **103**  
*Rebelión das rúas, A* 10, **98**  
*Resalgarío* 9, **80**  
*Sansón Troleiro* 10, **121**  
*Santo Domingo de la Calzada, onde cantou a galiña despois de asada* 10, **76**  
*Sar, Sarela e os monstros de Compostela* 10, **105**  
*Sombra vai polo Camiño, Unba* 8, **110**  
*Suso Espada. O misterio do Grial* 9, **48**  
*Teatro do Patacón. Os pés do vento* 10, **88**  
*Tres pasos polo misterio* 10, **50**  
*¿Unba pantasma na cidade?* 10, **118**  
*Único que queda é o amor, O* 10, **52**  
*Vaca da Amaía, A* 9, **100**  
*Vaca marela en Compostela, Unba* 10, **118**  
*Viaxe a Compostela de Renato Ratoni, rato de compañía de Cosme III de Médicis, A*  
 10, **78**

### **Títulos traducidos**

- Bocexo do puma, O* 9, **79**  
*Bordón e a estrela: de Roncesvalles a Názcera, O* 8, **17**  
*Camiño de Santiago de Compostela: o bordón e a estrela, O* 8, **17**  
*Endrina e o segredo do peregrino* 8, 10, **66**  
*Peregrino a Compostela. Diario dun mago, O* 9, **42**  
*Pousada do sétimo día, A* 9, **44**  
*Trasno da catedral de Santiago, O* 9, **123**



